CA3.1 - Diseñar e fabricar sistemas mecánicos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA3.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.		
CA3.2 - Diseñar e montar circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos nunha máquina ou sistema que resolvan os problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.	Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.		
CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa enerxía utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.		
CA3.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa enerxía e as súas manifestacións a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA3.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.		
CA3.3 - Diseñar e montar sistemas de control e robots mediante a incorporación dos sensores, actuadores e elementos de control necesarios para a resolución de problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.	Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.		
CA3.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á enerxía e ás súas transferencias nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA3.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.		
CA3.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.		
CA3.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.		
CA3.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas valorando a súa utilidade para compartir información.	Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.		
CA4.1 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.		
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos e/ou retos de robótica, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.		
CA4.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados con movementos, así como coas forzas e os seus efectos, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.		
CA4.2 - Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas para distintos dispositivos (ordenadores, dispositivos móbiles e outros) empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición e módulos de intelixencia artificial que engadan funcionalidades.	Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.		
CA4.2 - Resolver problemas sobre movementos e sobre forzas e os seus efectos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.		
CA4.3 - Recoñecer e describir na contorna inmediata situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.		
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e sistemas, coa posibilidade de conexión a Internet, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.		
CA4.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.		
CA4.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.		
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con movementos, así como as forzas e os seus efectos, a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico relativa a movementos e a forzas e os seus efectos, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.		
CA4.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA4.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA5.1 - Investigar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais e empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.		
CA5.1 - Identificar, comprender e explicar cambios físicos e químicos cotiáns a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA5.2 - Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.		
CA5.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos		
CA5.3 - Crear contidos, elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.	Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA5.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos		
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA5.5 - Adoptar medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.	Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos		
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade. - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Metodoloxías propias da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas. - Estratexias de procura crítica de información para a investigación e a definición de problemas expostos. - Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante, a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións. - Uso das potencias de expoñente natural e enteiro. Transformación e simplificación de expresións con potencias. Notación científica. - Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos. - Interpretación de números grandes e pequenos, recoñecemento e utilización da notación exponencial e científica e o seu uso na calculadora. - Contornas e recursos de aprendizaxe científica, como o laboratorio ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas. - Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente. - Realización de estimacións coa precisión requirida. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.

Contidos

- Desenvolvemento tecnolóxico: creatividade, innovación, investigación, obsolescencia e impacto social e ambiental.
- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.
- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.
- Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números enteiros, fraccionarios e decimais, incluída a recta numérica.
- Ética e aplicacións das tecnoloxías emerxentes e sostibles.
- Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou raíz).
- Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.
- Sentido das operacións.
- Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.
- Relacións.
- Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente, atopando a súa situación exacta ou aproximada na recta numérica.
- Razoamento proporcional.
- Comprensión e representación de razóns e proporcións en relacións cuantitativas.
- Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa, inversa e composta. Constante de proporcionalidade. Reparticións proporcionais.
- Comprensión e utilización de porcentaxes na resolución de problemas.
- Magnitude.
- Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuítos e planos.
- Teoría cinético-molecular: aplicación a observacións sobre a materia explicando as súas propiedades, os estados de agregación, os cambios de estado e a formación de mesturas e disolucións.
- Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida.
- Deseño de obxectos sinxelos en 3D.
- Experimentos relacionados cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, a súa composición e a súa clasificación.
- Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación.
- Uso e mantemento de ferramentas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos.
- Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal a través da interpretación das fórmulas químicas dalgúns compostos binarios de importancia e o coñecemento dos símbolos dos principais elementos químicos.

Contidos

- Respecto das normas de seguridade e hixiene.
- Medición.
- Fabricación dixital. Deseño e construción de pezas con impresión 3D e/ou corte.
- Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter áreas, volumes e capacidades en formas tridimensionais.
- Uso de representacións planas de obxectos tridimensionais para visualizar e resolver problemas.
- Representación de obxectos tridimensionais usando os medios tecnolóxicos máis adecuados.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.
- Análise do funcionamento de mecanismos de transmisión e transformación do movemento e as súas aplicacións prácticas. Cálculos sinxelos de relación de transmisión e velocidades aplicados a proxectos.
- A enerxía: formulación de cuestións e hipóteses sobre a enerxía, propiedades e manifestacións que a describan como a causa de todos os procesos de cambio.
- Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características.
- Circuitos eléctricos básicos. Montaxe e/ou simulación de circuitos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Cálculos de magnitudes eléctricas básicas aplicados aos proxectos.
- Deseño e comprobación experimental de hipóteses relacionadas co uso doméstico e industrial da enerxía nas súas distintas formas e as transformacións entre elas.
- Elaboración fundamentada de hipóteses sobre o medio ambiente e a sostibilidade a partir das diferenzas entre fontes de enerxía renovables e non renovables.
- Introducción á electrónica. Montaxe e/ou simulación de circuitos electrónicos sinxelos.
- Identificación da relación pitagórica e o seu uso no cálculo de medidas en figuras planas e tridimensionais.
- Deseño de sistemas que incorporen mecanismos, circuitos eléctricos e electrónicos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxectos.
- Efectos da calor sobre a materia: análise dos efectos e aplicación en situacións cotiás.
- Recoñecemento de figuras semellantes. O teorema de Tales.
- Aplicación de escalas no cálculo de distancias en situacións da vida real.
- Compoñentes e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: estrutura, mecánica, sensores, actuadores, controladores e alimentación.
- Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.
- Deseño e montaxe de sistemas de control ou robots para a resolución de problemas técnicos.
- Modelo matemático.
- Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador e/ou dispositivos móbiles.
- Análise de movementos sinxelos a partir dos conceptos da cinemática, formulando hipóteses comprobables sobre valores futuros das magnitudes implicadas e validándoas a través do cálculo numérico, da interpretación de gráficas ou do traballo experimental.
- Introducción á intelixencia artificial.
- As forzas como axentes de cambio: efectos das forzas, tanto no estado de movemento ou de repouso dun corpo coma na produción de deformacións.

Contidos

- Modelización de situacións sinxelas da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica.
- Sistemas de control programado: programación sinxela de dispositivos.
- Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.
- Aplicación das leis de Newton: observación de situacións cotiás ou de laboratorio que permiten entender como se comportan os sistemas materiais ante a acción das forzas e predicir os efectos destas en situacións cotiás e de seguridade viaria.
- Fenómenos gravitatorios, eléctricos e magnéticos: experimentos sinxelos que evidencian a relación coas forzas da natureza.
- Uso da linguaxe alxébrica para obter fórmulas e termos xerais baseados na observación de pautas e regularidades.
- Introducción á Internet das cousas (IoT).
- Operacións con expresións alxébricas sinxelas. Identidades.
- Fundamentos da robótica: control programado de robots de maneira física ou por medio de simuladores. Resolución de retos e desafíos de robótica sinxelos.
- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Variable.
- Comprensión do concepto de variable nas súas diferentes naturezas.
- Igualdade e desigualdade.
- Uso da álgebra simbólica para representar relacións lineais e cadráticas en situacións da vida cotiá.
- Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais e cadráticas.
- Procura de solucións en ecuacións lineais e cadráticas cunha incógnita. Aplicación a problemas contextualizados. Interpretación das solucións.
- Resolución alxébrica e gráfica de sistemas de dúas ecuacións lineais e dúas incógnitas. Aplicación a problemas contextualizados.
- Uso da tecnoloxía para resolver e comprobar as solucións de ecuacións e sistemas de ecuacións lineais.
- Relacións e funcións.
- Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación (táboa, gráfica, fórmula).
- Identificación de funcións, lineais ou non lineais, estudo e comparación das súas propiedades a partir das súas gráficas ou expresións alxébricas.
- Identificación de relacións cuantitativas e determinación da clase ou clases de funcións que a modelizan en problemas propios doutras materias ou do mundo real.
- Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas a partir de situacións contextualizadas.
- Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas.
- Pensamento computacional.
- Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.
- Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.

Contidos

- Uso de calculadoras gráficas e software específico para a representación de funcións e a análise dos seus elementos característicos.
- Organización e análise de datos.
- Vocabulario técnico apropiado.
- Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen.
- Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas.
- Habilidades básicas de comunicación interpersonal. Pautas de conduta propias da contorna virtual.
- Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade.
- Recollida e organización de datos en situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable. Frecuencias.
- Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos.
- Dispositivos dixitais. Elementos do hardware e do software. Identificación e resolución de problemas técnicos sinxelos.
- Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folia de cálculo, aplicacións...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas.
- Medidas de centralización e dispersión: interpretación e cálculo.
- Ferramentas e plataformas de aprendizaxe: configuración, mantemento e uso crítico.
- Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable.
- Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás medidas de centralización e dispersión.
- Uso das medidas de dispersión como complemento da media para explicar a distribución dos datos.
- Propiedade intelectual e etiqueta dixital.
- Cálculo e interpretación das medidas de centralización e dispersión, con apoio tecnolóxico, en contextos da vida real.
- Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.
- Uso de técnicas estatísticas para o tratamento de grandes cantidades de datos.
- Seguridade na Rede: riscos, ameazas e ataques.
- Contribución da estatística ao progreso da sociedade.
- Medidas de protección de datos e información. Benestar dixital: prácticas seguras e riscos (ciberacoso, sextorsión, vulneración da propia imaxe e da intimidade, acceso a contidos inadecuados, adiccións...).
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.
- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.
- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.

Contidos

- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.
- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos tecnolóxicos con metodoloxías que fomenten a resolución de problemas mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e prototipos eléctricos, mecánicos, robóticos, etc. Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

A Parte correspondente a área de matemáticas será máis teórica pero baseada en moitas actividades e exercicios de consolidación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aulas de tecnoloxía 1 e 2 e laboratorio de física e química.
Ordenadores con conexión a internet. Un para cada alumno.
Uso de programas informáticos e simuladores.
Operadores e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Materiais de fabricación, tratando de fomentar a reutilización.
Dispositivos de fabricación dixital. Impresoras 3D

Dispositivos de robótica.
Material de laboratorio para as practicas
Aula virtual do centro e aula edixgal.
Aula de classroom.
caderno e libro do alumno

Dispoñemos da aula con encerado e pizarra dixital, ordenador por cada alumno.
 Na materia de Física e química faremos practicas no laboratorio.
 Na materia de tecnoloxía faremos actividades e proxectos no taller.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Faremos unha única avaliación inicial ó comezo do curso. Como esta é a primeira vez na que os alumnos imparten a materia de Física e Química esta avaliación inicial fará referencia aos coñecementos fundamentais que os alumnos deberían haber obtido anteriormente para poder desenvolver un bo criterio científico.

- Compresión lectora de un texto científico.
- Suma, resta, multiplicación e división de números enteiros e de fraccións.
- Cálculo de porcentaxes.
- Cambios simples de unidades.
- Desenvolvemento de ecuacións simples de primeiro grado.
- Representación de gráficos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	5	5	5	10
Proba escrita	100	100	100	95	100	0	0	0	0	0
Táboa de indicadores	0	0	0	5	0	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	6	4	100
Proba escrita	0	0	0	50
Táboa de indicadores	100	100	100	50

Criterios de cualificación:

As probas escritas ou traballos presentados contarán un 50%

O traballo diario na aula, no taller e no laboratorio contará un 50%

A nota do trimestre será a media ponderada cos datos anteriores. A nota final do curso será a media dos tres trimestres.

Considérase aprobado un trimestre con nota igual ou maior que 5.

Considérase aprobado o curso con nota final igual ou maior que 5.

Criterios de recuperación:

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. dita proba cun valor do 50% e un 50% os traballos realizados durante o trimestre correspondente..

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

A nota final do curso será a media dos tres trimestres, substituíndo a nota suspensa pola da recuperación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A recuperación da materia de Física e Química de 2º de ESO realízase mediante un plan de reforzo. Para recuperar a materia pendente o alumnado ten que acadar os obxectivos da materia e adquirir as competencias correspondentes. Con este propósito grantíranse as seguintes accións.

1.- Todo o alumnado que teña pendente a Física e Química de 2º de ESO estará matriculado nun curso específico na aula virtual.

2.- O alumnado recibirá unha serie de tarefas, actividades e exercicios propostos polo profesorado responsable da materia, baixo a dirección do departamento, que estarán a disposición do alumnado na aula virtual.

3.- O seguimento do progreso ao longo do curso farase de forma presencial e a través da aula virtual.

4.- O alumnado será avaliado dos CA correspondentes á materia mediante tres probas escritas, o que non impide que se poidan utilizar outros instrumentos de avaliación sempre que non interfiran coa marcha do curso no resto das materias e que se poidan ofertar a todo o alumnado coa Física e Química de 2º de ESO suspensa.

Os criterios de cualificación da materia sen superar e o procedemento de construción da nota de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final son os mesmos que se aplican no curso ordinario. A cualificación asígnaselle ao criterio de avaliación e non depende do instrumento utilizado, senón do grado de adquisición dos CA. A cualificación será a media ponderada das asignadas a cada CA.

Considérase que a materia pendente foi superada cando ao rematar o curso a cualificación correspondente á media ponderada dos CA sexa igual ou superior a 5,0.

No período comprendido entre a data da sesión da avaliación do terceiro trimestre e o remate do curso garantiráselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os CA non superados.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación..
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento.
- Adaptacións curriculares.
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.).

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura e expresión escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento social empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión de lectura e expresión escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento social empresarial	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico.	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.6 - Creatividade	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X
ET.9 - Formación estética	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e consumo responsable.	X	X	X	X	X

Observacións:

1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita Observación: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos).
2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital Observación: O uso da aula virtual e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).
3. O emprendemento social e empresarial Observación: propoñeranse tarefas de ampliación e alternativas que busquen fomenten a creatividade e a autonomía persoal do alumnado.
4. O fomento do espírito crítico Observación: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.
5. A educación emocional e en valores Observación: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Clube de ciencias	Martes a medio día unha vez ó mes	X	X	X

Observacións:

Para cada actividade complementaria indícanse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
idoneidade das actividades propostas para acadar os obxectivos

Metodoloxía empregada
Participación de todos os alumnos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Realización de tarefas co ordenador
Medidas de atención á diversidade
Adecuación os distintos alumnos
Clima de traballo na aula
Combinación do traballo individual e en grupo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información o resto do equipo docente e ás familias

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións.

Unha vez se desarrollan os indicadores de logro que se comentan no apartado anterior, realizarase unha proposta de mellora co obxectivo de aumentar o rendemento naqueles aspectos nos que os indicadores de logro indiquen un baixo grado de consecución.

9. Outros apartados

1. Actividades de lectura

Na hora de ler faremos unha lectura en voz alta
 Escolleremos libros relacionados coas matemáticas.
 El asesinato del profesor de matemáticas...

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	IES Ribeira do Louro	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	2º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	30

1. Introducción

A Educación Física xustifícase, aséntase e consolídase coma medio para o desenvolvemento integral do individuo e incremento da súa saúde e calidade de vida ao fomentar unha cultura física baseada no saber, no saber facer e saber estar, posibilitando de xeito progresivo a adquisición de hábitos de práctica físico-deportiva permanente de xeito autónomo, coa consecuente planificación, realización e autoavaliación de actividades físicas. Iso sen menoscabar o carácter eminentemente procedimental da Educación física.

Supón un reto para o sistema educativo aportar á comunidade educativa un enfoque que permita colaborar na mellora da saúde da nosa poboación, especialmente no que se refire o noso alumnado. O noso principal obxectivo é conseguir que o noso alumnado acade niveis de actividade física diaria saudables e viva a experiencia con emocións positivas.

Sendo o deporte a forma máis habitual de entender e practicar a actividade física na sociedade, a Educación física non renuncia aos contidos de condición física, cualidades motrices, actividades no medio natural e actividades de ritmo e expresión coma medio para desenvolver unha óptima competencia motriz. Do mesmo xeito, ante a emerxente anomia social a Educación Física posibilita a socialización e colaboración en tarefas cun obxectivo común, prestando neste contexto moito énfasis á coeducación. Para acadar estes fins procurárase aplicar a interdisciplinabilidade intra e inter-área.

A Educación Física na ESO e no Bacharelato debe fomentar unha práctica intelixente da actividade física e do deporte no alumnado, de tal xeito que desenvolvan unha actitude crítica e autónoma cara esas actividades, e que comprendan o lugar que ocupan nas súas vidas e no medio sociocultural no que viven. Así, mediante a Educación Física preténdese que o alumnado interiorice a necesidade e utilidade da actividade física e deportiva como hábito de vida saudable, tanto na actualidade como na súa vida futura. En consecuencia a nosa labor docente debe estenderse a un desenvolvemento de todos aqueles aspectos motores, perceptivos, expresivos, cognitivos e afectivos que integran a educación das persoas e que poden ser abordados dende a Educación Física, respectando en todo momento as características individuais do alumnado e afrontando as adaptacións curriculares necesarias.

Por todo isto, partimos dunha Educación Física que non funciona a través de compartimentos estancos que aparecen e desaparecen de forma inconexa na vida educativa do alumnado. Buscamos un nexo condutor para os catro anos de ESO e o Bacharelato, que parte do movemento e que busca a formación do alumnado, respectando a individualidade e os seus intereses, permitindo coñecer o que fan e o porqué, facilitando a consecución de aprendizaxes significativas, e aproximando os mesmos ó contexto sociocultural no que desenvolven a súa vida diaria, neste caso o Concello de Porriño, dentro do marco autonómico de Galicia. Este nexo establécese no tratamento intradisciplinar dos contidos e a súa presentación coherente e significativa ó alumnado.

Consideramos tamén que a Educación Física debe posibilitar o coñecemento do propio corpo; dos seus cambios e das súas posibilidades. Tamén debe permitir o coñecemento e práctica de diferentes manifestacións de actividade física e deportiva, ampliando a bagaxe motriz do alumnado e as súas opcións de práctica fóra do ámbito escolar.

O desenvolvemento das capacidades e habilidades que perfeccionan e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos irá acompañado da reflexión sobre a finalidade, sentido e efecto desa actividade, co fin de garantir experiencias educativas significativas.

Consideramos pois que debemos deixar de lado a búsqueda do rendemento como produto final, e que no propio proceso (na actividade física) estará o fin do noso labor educativo. Polo que cabe dicir que unha das intencións primordiais deste departamento é a de fomentar e estimular a participación en actividade físico-deportiva fora do horario escolar.

Por todo elo, consideramos que o noso labor non se reduce á simple transmisión de información e actividades, senón á creación e transformación do coñecemento polo propio alumnado a partires do movemento.

Este movemento buscará uns obxectivos intrínsecos á propia actividade física, como son os coñecementos teóricos e de feitos sobre a actividade física, o coñecemento práctico centrado nos procedementos, e ademais uns obxectivos extrínsecos dirixidos á consecución de propósitos sociais, afectivos e cognitivos polo propio alumnado.

A presente programación didáctica está contextualizada en 2º da ESO. Neste curso a Educación Física ten unha carga lectiva de dúas horas semanais.

O ALUMNADO

A maioría do alumnado cursou 1º da ESO no noso centro.

As perspectivas de certo alumnado inclínase máis ao mercado laboral que á realización de estudos universitarios.

As dificultades socioeconómicas e culturais, ademais das escasas oportunidades de ter contacto coa cultura fóra do centro inciden no redemento académico do noso alumnado e nas súas expectativas respecto ao futuro.

CONFIGURACIÓN DOS GRUPOS DE 2º ESO

No curso de 2º ESO temos 4 grupos que se distribuen da seguinte maneira:

- 2º ESO A: 12 alumnos/as
 - 2º ESO B: 22 alumnos/as
 - 2º ESO C: 21 alumnos/as
 - 2º ESO D: 21 alumnos/as
- O total de alumnado é de 76 alumnos/as.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

En 2º ESO hai alumnado con algunha enfermidade ou lesión a destacar como son as seguintes:

- 2º ESO A:
3 alumnos con TDAH, dous deles con medicación.
1 alumno con discapacidade motora
1 alumno cunha parálise facial
- 2º ESO B:
1 alumno con TEA e TDAH
- 2º ESO C:
3 alumnos con asma. Algún caso precisa inhalador e é necesario que o teña para realizar a práctica deportiva.
1 alumno con TDAH
1 alumno en alerta por convulsións febriles
- 2º ESO D:
1 alumna con hipoacusia
1 alumno con asma
1 alumno transexual
1 alumno con arritmia

Sendo todo este alumnado susceptible de contar con medidas de atención á diversidade, non sendo necesarias adaptación curriculares significativas en todo o nivel. Pero é imprescindible tomar as medidas de atención a diversidade: como seguir os protocolos da Consellería ante probas, exames, material de apoio, explicación, tempos, espazos e organización....para cada un dos alumnos/as de xeito individualizado e adaptado as súas capacidades e ritmos de aprendizaxe, co obxectivo de conseguir a inclusión de todo o alumnado dentro do seu grupo de referencia e a mellora da convivencia no centro.

É fundamental tamén ter en conta o CONTEXTO FAMILIAR nas súas casas, nalgúns casos non é nada favorable tanto a nivel afectivo-emocional, económico,

Nestes cursos non existe alumnado exento da materia (que simultaneamente acredite ter a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento, ou ben realizar estudos das ensinanzas profesionais de Danza).

INSTALACIÓNS E RECURSOS DE EDUCACIÓN FÍSICA

Características das instalacións para desenvolver a materia neste curso son as seguintes:

- Un ximnasio
- Vestiario feminino e outro masculino e un aseo do profesorado.
- Unha pavillón polideportivo cuberto sen almacén.
- Pista polideportiva descuberta
- Un departamento compartido con outras materias.
- 2 almacéns.
- Espazo exterior do instituto onde se poden facer roteiros para ter outra opción de actividade ó aire libre.

Aseguramos no horario ao compartir 2 profesores que todos os grupos teñen polo menos un día no pavillón.

En relación cos materiais con que conta o departamento son os básicos para impartir os contidos da materia.

A Lingua na que se imparte a materia en cada grupo é o galego, tanto nas entornas dixitais: Aulas virtuais, E-dixgal como na modalidade presencial: presentación dos contidos, recursos reprográficos e bibliográficos e materiais propostos (apuntes traballos, lecturas, exames,...), así como as comunicacións as familias e documentos internos oficiais do Departamento (programación, autorización, memorias,...).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Condición física. Retos físicos cooperativos.	Avaliación inicial.Traballo das diferentes Capacidades físicas básicas. Retos físicos cooperativos. Traballo con comba longa.	12	9	X		
2	Xogamos co frisbee. Ultimate	Coñecemento do Ultimate. Posta en práctica de tarefas técnico-tácticas. Situacións reais de xogo.	11	9	X		
3	O Fútbol sala	Coñecemento do Fútbol sala. Posta en práctica de tarefas técnico-tácticas. Situacións reais de xogo.	11	8	X		
4	Creamos figuras: O acrosport	Creación de figuras en parella, tríos e pequenos grupos. Elaboración e posta en práctica de coreografía.	11	9		X	
5	Primeiros auxilios. Actuamos ante unha emerxencia	Protocolo PAS. Posición lateral de seguridade (PLS).RCP. OVACE. Casos prácticos de situacións de emerxencia.	11	5		X	
6	O balonmán: Convertémonos en Hispanos e Guerreiras.	Coñecemento do Balonmán. Posta en práctica de tarefas técnico-tácticas. Situacións reais de xogo.	11	8		X	
7	Divertímonos con implemento: as palas	Posta en práctica de diferentes retos con palas. Coñecemento e práctica de deportes con implemento.	11	8			X
8	Actividade física no medio natural	Coñecemento e técnicas de Orientación. Posta en práctica.	11	7			X
9	O baseball	Coñecemento do Baseball. Posta en práctica de tarefas técnico-tácticas. Situacións reais de xogo.	11	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Condición física. Retos físicos cooperativos.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Establecer e organizar secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Establecer e organizar secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo	TI	100
CA1.2 - Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices		
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando o volume e a intensidade da tarefa ás características persoais. - Alimentación saudable e valor nutricional dos alimentos. - Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación. - Traballo compensatorio da musculatura postural. - Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo. - Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada. - A hixiene como elemento imprescindible na práctica de actividade física e deportiva.

UD	Título da UD	Duración
2	Xogamos co frisbee. Ultimate	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade	TI	100
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas. - Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social. - Funcións de arbitraje deportiva. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego, análise crítica. - Igualdade de xénero nas profesións asociadas ao deporte.

UD	Título da UD	Duración
3	O Fútbol sala	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz	TI	100
CA1.7 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais. - Análise crítica dos estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz e dos comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices. - A actividade física e o deporte como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social, superación persoal e medio para previr trastornos alimentarios. - Reflexión sobre actitudes negativas cara á actividade física derivadas de ideas preconcebidas, prexuízos, estereotipos ou experiencias negativas. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e da capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices. - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos. - Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social. <ul style="list-style-type: none"> - Funcións de arbitraje deportiva. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. <ul style="list-style-type: none"> - Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego, análise crítica. - Igualdade de xénero nas profesións asociadas ao deporte.

UD	Título da UD	Duración
4	Creamos figuras: O acrosport	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo	TI	100
CA2.6 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica das actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal		
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: <ul style="list-style-type: none"> - Establecemento de mecanismos de autoavaliación para reconducir os procesos de traballo. - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas. - Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo.

UD	Título da UD	Duración
5	Primeiros auxilios. Actuamos ante unha emerxencia	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física	TI	100
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e con autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física		
CA2.2 - Coñecer e actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física, aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	Coñecer e actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física		
CA2.3 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos		
CA2.6 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica das actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas		
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - A hixiene como elemento imprescindible na práctica de actividade física e deportiva. - Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: <ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: <ul style="list-style-type: none"> - Calzado deportivo e ergonomía. - Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas. - Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer), protocolo 112 e soporte vital básico (SVB). - Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.

UD	Título da UD	Duración
6	O balonmán: Convertémonos en Hispanos e Guerreiras.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia	TI	100
CA2.5 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Análise crítica dos estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz e dos comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte. - Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e da capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices. - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas. - Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social. - Funcións de arbitraje deportiva.

UD	Título da UD	Duración
7	Divertímonos con implemento: as palas	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo	TI	100
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. - Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo. - Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social.

UD	Título da UD	Duración
8	Actividade física no medio natural	7

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial	TI	100
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física		
CA6.2 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Reflexión sobre actitudes negativas cara á actividade física derivadas de ideas preconcebidas, prexuízos, estereotipos ou experiencias negativas. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. - Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade. - Técnicas de interpretación. - Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural. - Influencia do deporte na cultura actual: o deporte como fenómeno de masas, impacto social, aspectos positivos e negativos. - Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns e actitude crítica ante elementos da contorna que supoñan obstáculos á accesibilidade universal e á mobilidade activa, autónoma, saudable e segura. - O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. - Novos espazos e prácticas deportivas. - Utilización de espazos urbanos e naturais desde a motricidade. - Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes. - Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano. - Práctica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.

UD	Título da UD	Duración
9	O baseball	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro ou da compañeira e da persoa opoñente (se o houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación	TI	100
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas. - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición. - Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. - Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas. - Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As situacións de aprendizaxe integran procesos orientados á adquisición da competencia motriz e as competencias clave, enfocándose desde diferentes perspectivas, articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, o tipo e a intención das actividades expostas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

A metodoloxía exposta caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva.

A continuación, abordamos a proposta metodolóxica a través dalgúns dos seus elementos, como son os estilos de ensino, a organización espazo-temporal, o coñecemento dos resultados/execución, as actividades, a estratexia na práctica e as rutinas.

1. ESTILOS DE ENSINO

Os estilos de ensino amosan como se desenvolve a interacción profesor-alumnado no proceso de toma de decisións, e definen o papel de cada un nese proceso.

Na relación ensino-aprendizaxe non se pode considerar que un estilo sexa mellor que outro, xa que ningún deles aseguranos a consecución de todos os obxectivos a traballar na E.F.

Polo tanto, partindo da idea de que non existe un estilo de ensino ideal, chegamos á conclusión de que cada un ten un carácter propio que permite alcanzar obxectivos secundarios específicos deste.

En función disto, para as aprendizaxes técnicas como nas unidades didácticas de deportes (ultimate, fútbol sala, balonmán, beisbol e palas), empregaremos estilos máis directivos; mentres que para aprendizaxes tácticas, e na unidade didáctica de acrosport fomentaremos a creatividade a través de estilos máis permisivos e de deixar facer.

Darase o caso de que nunha mesma sesión se varíen os estilos de ensinanzas empregados dependendo de cada tarefa.

Ademais, empregaremos diferentes métodos de enseñanza como mando directo, modificación do mando directo e asignación de tarefas nos diferentes tipos de golpeo na U.D de pala, a enseñanza recíproca tamén nas palas e no acrosport, ou a resolución de problemas, mediante o planteamento de diferentes situacións de emerxencia na unidade didáctica de primeiros auxilios.

Por outro lado, a actual enseñanza baseada nos modelos pedagóxicos, aos cales fan referencia Haerens, Kirk, Cardon e De Bourdeaudhuij (2011), intenta establecer os resultados de aprendizaxe coas necesidades do alumnado e o estilo de enseñanza.

Empregarase por un lado modelos pedagóxicos básicos como o modelo de enseñanza comprensiva do deporte (ECD) nas UU.DD de deportes colectivos, mediante o emprego de tarefas modificadas pero coa mesma estrutura táctica que o deporte adulto, e por outro lado modelos emerxentes como Educación Aventura, na U.D Actividade física no medio natural, a alfabetización motora, mediante retos que fomenten a práctica de actividade física, o estilo actitudinal, na U.D de acrosport coa creación de secuencias de figuras e pirámides, todo isto sen esquecermos da continua hibridación de modelos. Os ditos modelos pedagóxicos constitúen unha ferramenta para materializar un desenvolvemento competencial, polo carácter participativo, creativo e de aprendizaxe que xeran no alumnado.

2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

- AGRUPAMENTOS

Os agrupamentos serán, variados e heteroxéneos. Buscarase a diversidade nos grupos, sempre coa premisa que para atender á diversidade hai que vivirla polo que serán o máis heteroxéneos posibles (xénero, nivel de habilidade, características físicas...).

Os tipos de agrupamentos verán determinados polo tipo de tarefa que desenvolvemos.

Así, por exemplo, empregaremos o traballo individual cando nos interese que cada alumno/a traballe ao seu ritmo, principalmente na Unidade didáctica de condición física. O traballo por parellas en actividades analíticas como o pase-recepción no ultimate ou no fútbol sala; O traballo en pequenos grupos na creación de figuras e pirámides en crosport, ou en diferentes situacións motrices nas unidades didácticas de deportes colectivos; Gran grupo principalmente nos xogos de quecemento.

A forma de organización dos agrupamentos tamén será variada (fila, circuito, alternancia, por oleadas...). Así por exemplo na unidade didáctica de Primeiros Auxilios traballaremos en circuito con pequenos grupos.

Por último, en canto á formación dos grupos, agruparemos, por exemplo, ao alumnado por peso e talla en determinadas tarefas de forza na unidade de condición física, por nivel técnico en tarefas analíticas nos deportes de equipo, ou grupos heteroxéneos en acrosport.

- UTILIZACIÓN DE ESPAZOS

Para levar a cabo as nosas intencións educativas non reduciremos o noso espazo de actuación á aula e ás instalacións deportivas que se nos asignen, senón que optimizaremos ao máximo a utilización dos espazos dispoñibles no centro, co ánimo de descontextualizar o ensino da E.F. das instalacións deportivas, dando a entender ao alumnado a virtualidade do reduccionismo ao que se adoita someter á nosa materia, circunscribíndoa unicamente aos espazos "tradicionais". Por exemplo, para a realización de traballos en grupo de revisión bibliográfica, poderemos empregar a biblioteca do centro. Cando a busca de información requira un ámbito maior podemos utilizar a aula de informática para realizar buscas en internet e descubrir o tratamento que se lle dá á materia na rede. Por último tamén podemos utilizar a aula de informática para presentar ao alumnado aplicacións e ferramentas interactivas de autoavaliación da condición física e de adestramento que xa veñen implementadas en soporte informático. Aseguramos tamén que aínda compartindo horario 2 profesoras, o alumnado poida ter polo menos 1 día á semana clase no pavillón polideportivo.

- OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE

O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado, vanse ter en conta unha serie de consideracións prácticas para tal efecto, que a saber son:

a) Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estanza no vestiario.

b) Empregaremos a metodoloxía de aula invertida (flipped classroom), co obxectivo de aumentar o tempo de práctica motriz no noso alumnado.

c) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda ao compañeiro/a.

d) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, designaremos ao inicio da sesión, ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.

e) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.

f) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F., podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.

Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

3.0 COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

Na actualidade ninguén dubida de que o coñecemento dos resultados constitúa un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe.

A progresión ao longo das etapas educativas debe ir dende un Coñecemento dos Resultados Extrínseco cara a un cada vez máis Intrínseco.

O alumno/a debe ser consciente do dito proceso. Por isto, durante a práctica é fundamental o feedback. Así, emprearemos feedbacks concurrentes durante a execución; feedback inmediato, xusto despois da execución e feedbacks retardados, por exemplo durante a realización dun partido, no que ao cabo dun tempo de xogo, paramos e corriximos varias cousas.

Por outro lado, empregaremos feedback positivos para resaltar fortalezas e accións positivas (importante con

alumnado desmotivado ou con dificultades na materia), e feedbacks negativos, evaluando a situación que pode estar provocando o incumprimento dos obxectivos.

En función da dirección, empregaremos feedback individual, feedback grupal ou feedback masivo.

Por último, empregaremos feedbacks descritivos, evaluativos (comparar a execución ideal coa execución do alumno/a), comparativos, explicativos (dicirlle as causas do seu erro) e afectivos (reforzalo, motivalo).

4.ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elas o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumprir coa súa función, empregaremos diferentes tipos de actividades.

- Actividades de diagnóstico (ou de iniciación-avaliación), para coñecer os coñecementos previos do alumnado, aplicaranse nas dúas primeiras sesións do curso (avaliación inicial), pero tamén ao comezo de cada unidade didáctica.
- Actividades de desenvolvemento-estructuración, cuestionando os coñecementos previos se son posibles e ampliándoos se son correctos.
- Actividades de avaliación
- Actividades de reforzo, con alumnado que o ritmo de aprendizaxe sexa máis lento, ou presente dificultades nalgúns contidos.
- Actividades de ampliación, para o alumnado que presenta un dominio importante dos contidos ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por enriba do grupo de referencia.

5.ESTRATEGIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñamos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

6.RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas:

- a)Entrada e Saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, ximnasio, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.
- b)Cambio de Rroupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.
- c)Hábitos Hixiénicos: Solicitamos o aseo, entendido como lavado de axila e cambio de camiseta. Para iso o alumnado contará con 5 minutos.
- d)Recollida do Material: O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1.O material dispoñible no Departamento de EF para levar a cabo o desenvolvemento das UUD de este curso está descrito máis abaixo.
2.Libro de texto ou material complementario: Dispoñense de exemplares de libros de texto de EF na ESO, tanto no departamento como o libro dixital de Edixgal. Artigos de prensa e revistas.
3.Edixgal. Aula virtual/moodle. Nalgúns casos outros LMS: Padlet, Edmodo, Socrative..
4. Outras ferramentas dixitais ou plataformas de aprendizaxe; Xade, abalar (comunicación coas familias) e IDoceo, aplicacións de xeoposicionamento, GPS e tracking de percorridos, de control do traballo de CF, realidade aumentada con códigos QR, outras como kahoot, Canva, Genially, learning apps,Quizz,..., paneis colaborativos para fomentar o traballo en equipo e cooperativos: Murally, Padlet,..
5. Material bibliográfico no departamento, biblioteca, artigos..

Os materiais e recursos didácticos instrumentalizan e condicionan o proceso educativo. Deben ser estimulantes, novidosos e atender ás diversas necesidades educativas. O material require procesos de mantemento, reparación, reutilización e reposición (é moi importante facer constar que certo material de Educación Física deberá ter a consideración de funxible, xa que o seu deterioro e consumo é inherente ó seu uso).

ESPAZOS

Os espazos dos que dispón o departamento para impartir docencia son a pista exterior do centro, o pavillón, o ximnasio e o espazo natural que o rodea.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Como non traballamos soamente con libro de texto, os materiais curriculares son apuntes elaborados polo profesorado. Ás veces utilizaremos como material curricular recortes de revistas, periódicos,vídeos deportivos,... Edixgal axuda moito a compartir este material.

Os recursos didácticos, aparte do material deportivo do centro, serán obxectos de refugallo que deberán traer para utilizalos en lugar do material convencional, para facer obradoiros de xogos con material de refugallo e as propias ideas do alumnado e do profesorado, para enriquecer máis as aprendizaxes e que estas sexan significativas.

Neste apartado convén especificar que ademáis dos materias e recursos didácticos cos que conta a persoa docente para desenvolver a programación, dispónse do seguinte material específico de EF descrito no Inventario do Departamento:

RESUMO DO INVENTARIO DO MATERIAL DO DEPARTAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN:

Atendendo a un criterio de tamaño/peso e a súa facilidade de mobilidade temos:

Pequeno material:

- Pelotas psicomotricidade, tenis, beisbol, goma espuma, goma,.....
- Conos grandes e pequenos, cintas sinalizadoras
- Indiacas e saquiños, volantes, aros pequenos, Discos voadores,...

Material Mediano:

- Colchonetas, esterillas
- Picas, vallas,...
- Implementos deportes e xogos alternativos: Raquetas iniciación tenis, raquetas de bádminton, shuttle, sticks floorball, bates, sticks Lacrosse,...
- Balóns medicinais: de 2, 3 e 4 kg
- Carros de transporte e Balóns de deportes: baloncesto, fútbol e fútbol sala, balonmán, voleibol, pelotas espuma, multiusos,...
- Material de deportes e xogos tradicionais galegos: zancos, birlos, peóns, petanca, chapas e rá.
- Material fitness e mantemento: bigballs, cordas, bandas elásticas, pesas de varios tipos e pesos,....
- Material audio/reproducción: equipo de sonido portátil con conexión Bluetooth.

-Material informático: 1 portátil do Departamento, máis os equipos persoais dos docentes.

Gran material:

- 2 Quitamedos
- 4 Porterías lixeiras de aliación mobis,
- 6 Bancos suecos e 8 bancos grandes
- 6 taquillas

Material fixo:

- Porterías: 2 interiores no pavillón e 2 nos patios exteriores
- Canastras: 4 interiores no pavillón e 4 nas pistas exteriores (2 pendentes de nova ubicación, por necesidades de aparcamento no centro educativo).
- Espaldeiras: 4 na sala do ximnasio.

Comentar tamén que é fundamental a supervisión, reparación e renovación/reutilización ou compra/reposición do material deteriorado. Así como revisións periódicas do seu estado de uso e apropiado almacenaxe, para que a súa utilización por parte do noso alumnado sexa óptima e con seguridade e incidindo tamén no coidado, recollida e mantemento por parte de eles.

Proporanse unha serie de recursos que cada docente pode ampliar, suprimir ou ben engadir outros cos que conte para levar a cabo a programación didáctica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tal e como se establece no artigo 24 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, o equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante de que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

Polo que, realizaremos unha avaliación inicial da nosa materia nas primeiras semanas de clase, co obxectivo de detectar posibles ACNEAE e realizar adaptación na programación en caso de ser preciso.

A súa vez, realizaremos tamén ao comezo de cada unidade didáctica unha pequena avaliación inicial, mediante diferentes tarefas, para comprobar los conocimientos previos que posee el alumnado sobre dita unidad.

Para o alumnado novo no centro faise o seguinte:

Cuestionario de historial deportivo, lesións ou enfermidades que afecten na práctica de actividade física e os medios e recursos tecnolóxicos dispoñibles para practicar dun xeito autónomo, no tempo de ocio e ante unha posible situación de ensino non presencial da materia de educación física.

No GRUPO CLASE: Dinámica xeral do grupo.

Xogos de presentación, acollida e retos para detectar: Grado de cohesión social. Liderazgos e tipo de liderazgos. Rechazos, discriminacións ou conflitos previos entre alumnado.

De xeito INDIVIDUAL: Grado de participación na resolución dos retos. Grado de tolerancia á frustración. Nivel de integración de alumnado con necesidades educativas. Capacidade de escoita. Capacidade creativa e participación.

De xeito concreto faremos tamén unha avaliación inicial de coñecementos previos desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais/ dixitais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	11	11	11	11	11	11	11	11	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 9 UU.DD. que están distribuídas da seguinte maneira:

1ª Avaliación: Unidade 1, 2 e 3

2ª Avaliación: Unidade 4, 5 e 6

3ª avaliación: Unidade 7,8 e 9

Cada unidade didáctica terá un peso do 33,33% ^o no trimestre correspondente.

No número de sesións asignado a cada UD contémpanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os obxectivos da avaliación educativa son múltiples e non deben reducirse á avaliación dos resultados obtidos polo alumnado; pola contra, a principal función da avaliación debe ser a de orientar o proceso de ensino-aprendizaxe proporcionando información sobre o axuste do mesmo aos obxectivos previstos co fin de poder formular un xuízo ao respecto e introducir as modificacións que foran oportunas.

A avaliación, ademais de constituír un proceso continuo, debe ser utilizada para introducir en calquera momento modificacións na intervención educativa; para elo debe realizarse unha avaliación inicial (permitiranos coñecer o nivel de partida do alumnado), unha avaliación continua (avaliación formativa que permitirá seguir o proceso de aprendizaxe dos alumnos ó longo do curso nas diferentes unidades didácticas, deberá aportar información sobre a adquisición e a asimilación das aprendizaxes) e unha avaliación final (avaliación sumativa que dá lugar a unha toma de decisións relativas á consecución ou non dunha valoración positiva). O proceso debe contemplarse globalmente para establecer como transcorre este en relación ao previsto e como se pode mellorar, podendo así reorientar a acción docente no futuro.

Na programación de E.F. pódense clasificar os estándares en dous grandes grupos cuxas características vannos a determinar a forma de avaliar.

Os CRITERIOS DE AVALIACIÓN relacionados cun "proceso": aqueles que se traballan en máis de un bloque de contidos. Fan referencia á cooperación necesaria para aprender de xeito grupal, ao esforzo por superarse e á participación, á adquisición de hábitos de hixiene e seguridade, ao mantemento de rutinas de clase (quecemento e volta á calma entre outras), ao respecto polas normas do grupo, polas persoas, pola contorna e o material. Estes criterios avalíaranse ao longo de todo o curso mediante:

- Observación sistemática
- Autoavaliación
- Coavaliación
- Traballo grupal

Os CRITERIOS DE AVALIACIÓN relacionados cun "resultado": aqueles que só se traballan nun bloque de contidos. Fan referencia a criterios que se adquiren ao finalizar a unidade didáctica, polo que poden ser avaliados nun momento puntual mediante:

- Probas prácticas e teóricas
- Traballo grupal e individual

-Produccións do alumnado

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar con obxectividade, fiabilidade e eficacia compre empregar variedade de instrumentos, tanto cuantitativos coma cualitativo:

a) Cuantitativos: responden a un paradigma racional-positivista. Cuantifican os resultados, recorren a procesos estatísticos e aportan información numérica. Técnicas: probas de execución, probas teóricas, test de condición física, traballos grupais ou individuais...

b) Cualitativos: responden a un paradigma crítico-interpretativo. Considera o proceso e non só o mero resultado final. Técnicas de observación: rexistro anecdótico, listas de control, escalas de valoración, rúbricas...

Os instrumentos de avaliación serán adaptados ao carácter dos diferentes CRITERIOS DE AVALIACIÓN da seguinte maneira:

a) Os criterios de avaliación considerados como "proceso" avaliaranse mediante os seguintes instrumentos:

- Caderno do profesorado (coa APP IDoceo)

- Anecdótico

- Escala de valoración

- Lista de cotexo

- Rúbrica

b) Os criterios de avaliación considerados como "resultado" serán avaliados mediante as seguintes probas e instrumentos:

- Probas prácticas e teóricas

- Test de condición física.

- Traballos individuais e grupais.

- Produccións do alumnado

- Rúbricas

- Vídeo

- Elaboración/exposición de traballos monográficos propostos polo profesorado.

- Lectura ou traballo voluntario relacionado coa materia e exposición do seu contido ao profesor, xa sexa de xeito verbal nunha entrevista ou escrito nunha recensión (a determinar polo profesorado). O alumnado que opte por esta opción debe comunicarlle previamente ao profesorado o tipo de lectura ou traballo que desexa facer; se a proposta é coherente coa lóxica curricular da materia o profesorado daralle a súa aprobación a dita proposta.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN EDUCACIÓN FÍSICA

Para facilitar a cualificación dividiremos os contidos dos criterios de avaliación en dous tipos: os de proceso (só se poden avaliar de xeito transversal, rexistrando datos ao longo das sesións de todo o curso) e os de resultado (pódense avaliar de xeito puntual con probas prácticas e teóricas).

A nota de trimestre será o promedio de tódalas cualificacións obtidas en cada un dos 2 apartados:

PROCESO-Concreción dos contidos (TOTAL 50%)

Ponderación na cualificación (20%):

- Hábitos de hixiene

- Hábitos de seguridade

- Respecto das normas de grupo

- Respecto as normas e seguridade na práctica

- Respecto polas decisións arbitrarias e polo xogo limpo

- Respecto ás persoas e as súas diferencias

- Coidado e respecto polo material e a contorna

Ponderación na cualificación (30%):

- Cooperación

- Participación e esforzo

- Rutina de quecemento e volta á calma

RESULTADO-Concreción dos contidos (TOTAL 50%)

Ponderación na cualificación (50%):

- Capacidade física e destreza motriz: probas de condición física, probas prácticas de destreza motriz, composicións coreográficas, producións motrices...

- Capacidade para aplicar os coñecementos teóricos

-Capacidade de análise crítica

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 50%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A ponderación dos criterios de avaliación que son exclusivos dunha parte teórica deben estar superados no 30%, que son os contidos mínimos a superar.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliación previa á avaliación final da materia, obterase calculando a media das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata 0.4 cara abaixo e dende 0.5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 5.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas prácticas e escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

* Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesións, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado:

-NESTES CASOS É FUNDAMENTAL PRESENTAR CERTIFICADO MÉDICO ONDE SE XUSTIFIQUE A EXENCIÓN DA PRÁCTICA/EXERCICIO FÍSICO E ONDE CONSTE O PERÍODO DE TEMPO PREVISTO. De igual modo actuarase no caso de non asistir a unha proba práctica ou teórica.

Polo carácter eminentemente práctico da nosa materia, tentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Nas probas escritas os criterios xerais de corrección serán os seguintes:

Non é necesario responder as preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio que se está a facer e non intercalar respostas doutros exercicios.

É obrigatorio escribir con bolígrafo. Non se corruxirán as feitas con lapis.

Tamén se valorará a orde, ortografía, claridade e limpeza coa que está realizado o exame. No referente aos erros ortográficos teranse en conta descontando da nota 0,1 por cada un ata un máximo de 1 punto.

Si se da o caso de atopar a algún alumno copiando nun exame teórico, a nota nesta proba será de 0.

Se un/ha alumno/a se nega a realizar algún exame, xa sexa práctico ou teórico, a nota será de un 0.

Os traballos teóricos, análise de artigos, fichas de actividades, etc. entregaranse no día e na hora prefixada. A entrega fóra dese prazo ou que non sigan as pautas marcadas polo docente, SEN CAUSA DEBIDAMENTE XUSTIFICADA non serán recollidos e a súa cualificación será de cero.

** NOTA ACLARATORIA: En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

Criterios de recuperación:

Para recuperar as UU.DD. non superadas: Rematada a UD proporase, ao alumnado que non a superou, actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas polo profesorado. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre. En caso de superalo, a UD darase por superada

Para recuperar a avaliación trimestral.

Cando o alumnado non supere a avaliación, terá que recuperar a UD ou UDD que teña pendentes. O alumnado terá, polo menos, unha oportunidade por trimestre para recuperar os criterios non superados. Esa recuperación será de forma práctica ou teórica. No caso de ter que superar os criterios de PROCESO que se repiten en cada avaliación por que están en varias UDD, a recuperación será coa nota deses criterios na seguinte avaliación.

Para superar a avaliación final:

Superarase a materia sempre que a media das cualificacións das 3 avaliacións acade a nota mínima de 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste ano académico 2023-24 existe alumnado que promociona a 2º de ESO ca materia pendente de Educación Física de 1º de ESO. O procedemento a seguir será o seguinte:

O alumnado de 2º ESO que fora promocionado desde o curso anterior coa materia sen superar deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia do alumno ou alumna, e baixo as directrices deste departamento didáctico, así como co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan.

O plan de reforzo entregarase a cada alumno/a coa materia pendente ao longo do mes de setembro ou outubro, unha vez iniciado o curso e terá que conter a seguinte información:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Información relevante sobre a materia sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia.

O material entregado será a través da aula virtual.

Por ser á E.F. unha materia de contidos progresivos, establecemos que si supera a materia no curso superior, a materia pendente quedaría recuperada con facer un pequeno traballo a maiores.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

- Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.
- Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaránselle os tempos e os procedementos de avaliación.
- Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias

para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión aínda que si temos unha ficha para alumnado lesionado.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

Ao longo do curso empréganse diferentes estratexias de atención á diversidade. A diversidade enténdese como todas aquelas cualidades que fai de cada alumno un ser único e, polo tanto, diferente aos demais; tanto sexa por capacidades intelectuais e físicas como por habilidades, xénero, orixe cultural, aspecto físico, etc.

Tendo en conta este concepto de diversidade utilizamos as seguintes medidas para atender as diferencias:

Os agrupamentos maioritariamente serán heteroxéneos. Preténdese fomentar o traballo cooperativo e comprender e valorar a diversidade. Conseguiremos este obxectivo se son capaces de vivir a diversidade dunha forma continuada, dando tempo a que o alumnado se coñeza e sexan capaces de aproveitar as cualidades de cada un en beneficio do grupo.

Unha das finalidades das clases de Educación Física, reflexado no currículo, é traballar para que o grupo clase coñeza e respecte as características individuais de cada un dos compoñentes. Para isto proponense diferentes estratexias onde o alumnado ten que colaborar no proceso de ensinanza aprendizaxe dos seus compañeiros de grupo "Estratexias cooperativas sinxelas e complexas" do programa CA/AC.

En diferentes unidades didácticas promóvense experiencias nas que para conseguir un obxectivo se necesite a participación e colaboración de todos os membros do grupo.

Ao final das sesións reflexionárase e analizarase a experiencia vivida na aula, aproveitando calquera situación onde a diferenza enriqueceu ao grupo para facelo explícito.

A programación ten en conta a diversidade de xéneros e afinidade pois intenta alternar contidos de habilidades e capacidades moi diferentes (condición física con expresión corporal ou ritmo, deportes colectivos con deportes individuais). Búscase que o alumnado máis hábil nuns contidos sintase noutros necesitado de axuda. Desta maneira non sempre é o mesmo alumnado o necesitado da axuda dos seus compañeiros e a riqueza da diferenza faise máis evidente.

As tarefas organízanse buscando a integración de todo o alumnado, independentemente do seu nivel de habilidade. Fanse adaptacións individualizadas das regras ou normas dos xogos ou exercicios en función das necesidades de cada alumno ou alumna, para facilitar ou dificultar a tarefa segundo conveña.

Existen outras diferencias máis salientables como o descoñecemento da lingua, os trastornos do comportamento, TDAH, TEA etc. que se abordan utilizando as directrices proporcionadas polo equipo de orientación para cada caso en particular.

Concretando casos neste curso temos alumnado que por diferentes motivos require dunha atención especial pola

nosa parte:

- Alumnado con TDAH, para o que se aplicará o protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Alumnado con problemas respiratorios e cardíacos, requirirán unha adaptación na intensidade do esforzo, atenderase a cada casuística con especial atención.
- Alumna con hipoacusia, para a que se aplicará o protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- Alumno con TEA, para o que aplicará o protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do espectro do autismo. (TEA), da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e que se evidencia na práctica con explicacións máis personalizadas e demostracións da execución, así como moito reforzo positivo.
- Alumno co protocolo de prevención do suicidio activado, para o que se seguirán as pautas establecidas no protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil, da Xunta de Galicia.
- Alumno con dislexia, para o que se aplicará as pautas establecidas no protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe, prestándolle axudas nas tarefas plantexadas en Edixgal.
- Alumno transexual, para o que se seguirán as pautas establecidas no procolo de identidade de xénero da dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- Alumno con convulsión febril. O profesorado está informado.
- Alumno con discapacidade motora, para o que se aplicará as pautas establecidas no manual de orientacións e respostas educativas para o alumnado con discapacidade motora da Xunta de Galicia, e que se plasma na práctica adaptando os exercicios sempre que sexa necesario.
- No caso do alumnado lesionado temporalmente a opción será a realización de traballos teórico-prácticos de búsqueda de información, realización de fichas de traballo e de sesión, arbitrase,...
- O alumnado con dificultades de aprendizaxe nalgúns partes da materia orientaráselle cara unha práctica sistemática titorizada, co deseño de plans individualizados de traballo que terán que desenrolar extraescolarmente e eventualmente nalgún recreo do que dispoñan e o soliciten ao profesorado.

En todos os casos o alumnado terá que traer o seu material e calzado deportivo para estar na instalación, incluso si se atopan lesionados xa que se lles poderá adaptar a tarefa, sendo tamén obrigatorio neste caso traer un bolígrafo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escritura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia digital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial				X				X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X							X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X			X				

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escritura	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia digital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	

Observacións:

A comprensión lectora coa lectura de los diferentes apuntes e artigos relacionados cos contidos a traballar; a expresión oral e escrita, por medio de actividades como as tarefas en Edixgal ou mediante situacións xogadas na clase na que teñan que explicar como a resolveron; a comunicación audiovisual e a competencia dixital, mediante o visionado de vídeos, o emprego de diferentes Apps ou de Edixgal; o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico, favorecendo as tarefas con toma de decisións, iniciativa e o desenvolvemento de actividades físicas de forma autónoma; a educación emocional e en valores, de maneira transversal a través de conductas e comportamentos que favorezan o cuidado do entorno, do material, o respecto polos compañeiros/as e adversarios/as, etc. A igualdade de xénero, fomentando sempre a dita igualdade en todas as tarefas sen excepcións, por exemplo alternando o pase de maneira obrigatoria entre nenos e nenas e por último a creatividade, como no acrosport, onde teñen que crear en pequenos grupos unha pequena secuencia de figuras.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PROMOCIÓN FÚTBOL SALA	Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º ESO. 1º BAC. Data e horario: 5 e 6 de outubro de 2023. No horario de E. F. e algunha hora a maiores. Lugar: Pavillón do Ribeira do Louro Custo da actividade: Gratuíta Profesorado responsable: Profesorado de E.F. Permisos: Non se necesitan. Necesidades: Pavillón do centro. Colaboran: Club de Tui fútbol sala	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PROMOCIÓN DAS LOITAS OLÍMPICAS	Cursos: 1º e 2º de ESO. Data e horario: 23 e 26 de outubro de 2023. En horario de clase. Lugar: Ximnasio ou pavillón. Custo da actividade: Gratuíta Profesorado responsable: Profesorado de E.F. Permisos: Non é necesario Necesidades: Ximnasio ou pavillón. Colaboran: Federación Galega de Loitas Olímpicas	X		
MAGOSTO. XOGOS TRADICIONAIS	Cursos: Todo o alumnado de ESO, BAC e FPB que asista ao magosto. Data e horario: 10 de novembro de 2023 de 12:00 h a 14:00 h. Lugar: Pavillón do centro. Custo da actividade: Gratuíta Profesorado responsable: Profesorado de EF. Permisos: Non se necesitan. Colaboran: Concello do Grove co préstamo dos xogos.	X		
PRIMEIROS AUXILIOS	Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º ESO. 1º BAC. Profesorado. Data e horario: do 26 de febrero ao 11 de marzo de 2024, en horario de clase de E.F. Lugar: Ximnasio. Custo da actividade: Gratuíta Profesorado responsable: Profesorado de E.F. Permisos: Non é necesario. Necesidades: Cañón de proxección e material do 061 (bonecos RCP e simulador de desfibrilador) Colaboran: CAFI e 061		X	
DÍA DA E.F. NA RÚA	Cursos: Toda a ESO Data e horario: Abril. 2 horas en horario de mañá. Lugar: Pendente de concretar. Posiblemente en parque próximo ao centro. Custo da actividade: Gratuíta Profesorado responsable: Profesorado de E.F. e profesores acompañantes para cumprir ratio 1/20. Permisos: Os que estean autorizados para saídas polo Concello. Necesidades: Material de E.F. e aparato de música que trasladaremos nós mesmos. Colaboran: COLEF			X
RECREOS ACTIVOS	Cursos: Toda a ESO, BAC e FPB. Data e horario: Durante todo o curso nos recreos. Lugar: Ximnasio ou pavillón do centro. Custo da actividade: Gratuíta. Profesorado responsable: Profesorado de E.F. Permisos: Non se necesita. Soamente inscribirse.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS
Metodoloxía empregada
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Clima de traballo na aula
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN
Outros
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:
Análise dos resultados obtidos na avaliación final.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:
Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UDD como a programación.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:
Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:
Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, e a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:
A programación didáctica estará a disposición do alumnado e das familias na páxina web do centro. Ademais o alumnado ten unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma, tanto na sesións diarias como en Edixgal.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna.

- Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna.

Propónse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de

obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidade de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.

- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

1. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS E PROXECTOS

1. PROXECTO LECTOR: Lectura de diferentes artigos e a confección de póster, infografía e mapas conceptuais. Con respecto á expresión oral, se pedirá que o alumno/a sepa explicar algún xesto técnico.
2. PLAN TIC: EDpuzzle, E-dixgal, Google Classroom, Padlet, o programa videopad, Canva, a App Kahoot e Chwazi para escoller alumnado nas tarefas, e o emprego por parte das profesoras da App iDoceo.
3. PLAN DE CONVIVENCIA: especial relevancia na U.D de C.F nas tarefas de forza con habilidades propias da loita.
4. PLAN DE ACT. FÍSICA E HÁBITOS SAUDABLES: recreos activos e cesión de material deportivo para a práctica de act. física e deportiva.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	IES Ribeira do Louro	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Física e química	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

No curso de 2º da ESO é a primeira vez que o alumnado enfróntase á materia de Física e Química, polo que, este curso é moi importante para que o alumnado entre en contacto coa ciencia, comezando a mostrar interese polo funcionamento do mundo que os rodea, desenvolvendo o seu pensamento crítico, que lles servirá para comprender e enfrentarse os problemas máis actuais da sociedade. Para conseguir isto, nesta materia se traballarán os conceptos máis básicos, tanto da Física como da Química, co obxectivo de poder utilizar as leis e teorías científicas para explicar algúns dos fenómenos fisicoquímicos máis comúns na vida cotiá. Ademais, será importante o desenvolvemento do alumnado nas matemáticas básicas, que é a linguaxe na que se expresan todas as ciencias, nas que se inclúen tanto a Física como a Química.

Esta materia se divide en 5 bloques, un primeiro bloque relacionado coa actividade científica xeral, coa recorrida de medidas no laboratorio, as unidades e as magnitudes, así como, o tratamento dos datos con gráficos, táboas e representación, sendo un bloque imprescindible neste curso de iniciación na ciencia. Posterior a este bloque inicial, se imparten dous bloques de Química: "A materia" e "O cambio" nos que se tratan os conceptos máis básicos da química, como os cambios de estado, a táboa periódica, os compostos máis relevantes, etc, e finalmente, impártense dous bloques de Física: "A interacción" e "A enerxía" nos que se tratan os conceptos máis básicos da física, coma o movemento, as forzas, as diferentes fontes de enerxía, etc.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e relacionar os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna, explicándoos en termos das leis e teorías científicas adecuadas para resolver problemas co fin de aplicalas para mellorar a realidade próxima e a calidade da vida humana.	1		1-2-4		4			
OBX2 - Expresar as observacións realizadas polo alumnado en forma de preguntas, formulando hipóteses para explicalas e demostrando estas hipóteses a través da experimentación científica, a indagación e a procura de evidencias, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas.	1-3		1-2	1	4		1	3
OBX3 - Manexar con soltura as regras e as normas básicas da física e da química no referente á linguaxe da IUPAC, á linguaxe matemática, ao emprego de unidades de medida correctas, ao uso seguro do laboratorio e á interpretación e produción de datos e información en diferentes formatos e fontes, para recoñecer o carácter universal e transversal da linguaxe científica e a necesidade dunha comunicación fiable en investigación e ciencia entre diferentes países e culturas.			4-5	3	2	1		2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar de forma crítica, eficiente e segura plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social, mediante a consulta de información, a creación de materiais e a comunicación efectiva nas diferentes contornas de aprendizaxe.	2-3		4	1-2	3		3	4
OBX5 - Utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo, potenciando o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente, para comprender a importancia da ciencia na mellora da sociedade, as aplicacións e repercusións dos avances científicos, a preservación da saúde e a conservación sostible do medio ambiente.	5	3	3-5	3	3	3	2	
OBX6 - Comprender e valorar a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución, na que non só participan as persoas dedicadas a ela, senón que tamén require dunha interacción co resto da sociedade, para obter resultados que repercutan no avance tecnolóxico, económico, ambiental e social.			2-5	4	1-4	4		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	La ciencia y la medida		20	16	X		
2	La materia y sus propiedades		10	10	X		
3	Diversidad de la materia		10	10	X		
4	Cambios en la materia		10	8		X	
5	El movimiento		10	14		X	
6	Las fuerzas		10	13		X	
7	Las fuerzas de la naturaleza		10	9			X
8	La energía		10	13			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Temperatura y calor		10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	La ciencia y la medida	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada.	Ante unha hipótesis formulada diseña unha estratexia de indagación adecuada para comprobala ou refutala.	PE	60
CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses, sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.	Formula cuestións científicas e emite hipótesis coherentes co coñecemento científico existente, así como diseña unha estratexia de indagación.		
CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, os símbolos químicos das substancias máis importantes, así como as ferramentas matemáticas adecuadas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Utiliza adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluíndo o uso de unidades e ferramentas matemáticas.		
CA1.4 - Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións.	Segue as instruccións do profesorado no uso das instalacións, e, en concreto, dos laboratorios.	TI	40
CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto cara aos docentes e cara aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.	Manexa libros de texto e recursos dixitais no seu proceso de aprendizaxe de forma autónoma e en equipo.		
CA1.6 - Traballar de forma adecuada e versátil con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Consulta información seleccionando fontes fiables e crea contidos utilizando libros de texto e buscadores de información en internet.		
CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.	Participa de forma activa e constructiva en actividades en grupo cos seus compañeiros.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumando na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Participa de forma activa e guiada en proxectos de aprendizaxe e servizo.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente.	Coñece feitos científicos logrados tanto por homes coma por mulleres e a súa repercusión na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxías propias da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas. - Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante, a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións. - Contornas e recursos de aprendizaxe científica, como o laboratorio ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas. - Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente. - A linguaxe científica: unidades do sistema internacional e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe. - Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria. - Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.

UD	Título da UD	Duración
2	La materia y sus propiedades	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais cotiáns, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Aplica os coñecementos científicos aprendidos para intentar explicar distintos fenómenos físico-químicos.		
CA2.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas físico-químicos utilizando as leis e teorías aprendidas.	PE	95

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia para intentar dar resposta a diferentes fenómenos mediante a indagación, a dedución ou a experimentación.		
CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos químicos dos elementos e substancias comúns máis importantes facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Utilizar correctamente os símbolos químicos dos elementos mais comuns.		
CA5.1 - Identificar, comprender e explicar cambios físicos e químicos cotiáns a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Aplica os coñecementos científicos aprendidos para intentar explicar distintos cambios físico-químicos.		
CA5.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas sobre cambios físico-químicos utilizando as leis e teorías aprendidas.		
CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a sistemas materiais e á súa composición, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para comunicar a información obtida.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Teoría cinético-molecular: aplicación a observacións sobre a materia explicando as súas propiedades, os estados de agregación, os cambios de estado e a formación de mesturas e disolucións. - Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen.

UD	Título da UD	Duración
3	Diversidad de la materia	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais cotiáns, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Aplica os coñecementos científicos aprendidos para intentar explicar distintos fenómenos físico-químicos.	PE	90
CA2.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas físico-químicos utilizando as leis e teorías aprendidas.		
CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia para intentar dar reposta a diferentes fenómenos mediante a indagación, a dedución ou a experimentación.		
CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos químicos dos elementos e substancias comúns máis importantes facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Utilizar correctamente os símbolos químicos dos elementos mais comuns.		
CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a sistemas materiais e á súa composición, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para comunicar a información obtida.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Experimentos relacionados cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, a súa composición e a súa clasificación.

UD	Título da UD	Duración
4	Cambios en la materia	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos químicos dos elementos e substancias comúns máis importantes facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Utilizar correctamente os símbolos químicos dos elementos mais comuns.	PE	90
CA5.1 - Identificar, comprender e explicar cambios físicos e químicos cotiáns a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Aplica os coñecementos científicos aprendidos para intentar explicar distintos cambios físico-químicos.		
CA5.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas sobre cambios físico-químicos utilizando as leis e teorías aprendidas.		
CA5.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoos das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia para intentar dar resposta a diferentes fenómenos relacionados cos cambios físicos e químicos mediante a indagación, a deducción ou a experimentación.	TI	10
CA5.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para comunicar a información obtida sobre un proceso físico-químico concreto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal a través da interpretación das fórmulas químicas dalgúns compostos binarios de importancia e o coñecemento dos símbolos dos principais elementos químicos. - Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen. - Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade.

UD	Título da UD	Duración
5	El movimiento	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados con movementos, así como coas forzas e os seus efectos, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Aplica os coñecementos científicos aprendidos para intentar explicar distintos fenómenos físico-químicos relacionados co movemento.	PE	80
CA4.2 - Resolver problemas sobre movementos e sobre forzas e os seus efectos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas físico-químicos relacionados co movemento utilizando as leis e teorías aprendidas.		
CA4.3 - Recoñecer e describir na contorna inmediata situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Describe problemas de movemento reais onde a ciencia pode contribuír a buscar unha solución.		
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con movementos, así como as forzas e os seus efectos, a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia para intentar dar resposta a diferentes fenómenos relacionados co movemento mediante a indagación, a dedución ou a experimentación.		
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso físico-químico relativa a movementos e a forzas e os seus efectos, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para comunicar a información obtida sobre un proceso físico-químico concreto relativo al movemento.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Análise de movementos sinxelos a partir dos conceptos da cinemática, formulando hipóteses comprobables sobre valores futuros das magnitudes implicadas e validándoas a través do cálculo numérico, da interpretación de gráficas ou do traballo experimental.

UD	Título da UD	Duración
6	Las fuerzas	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados con movementos, así como coas forzas e os seus efectos, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Aplica os coñecementos científicos aprendidos para intentar explicar distintos fenómenos físico-químicos relacionado coas forzas.	PE	80
CA4.2 - Resolver problemas sobre movementos e sobre forzas e os seus efectos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas físico-químicos de forzas utilizando as leis e teorías aprendidas.		
CA4.3 - Recoñecer e describir na contorna inmediata situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Describe problemas de forzas reais onde a ciencia pode contribuír a buscar unha solución.		
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con movementos, así como as forzas e os seus efectos, a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia para intentar dar resposta a diferentes fenómenos relacionados coas forzas mediante a indagación, a dedución ou a experimentación.		
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso físico-químico relativa a movementos e a forzas e os seus efectos, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para comunicar a información obtida sobre un proceso físico-químico concreto de forzas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As forzas como axentes de cambio: efectos das forzas, tanto no estado de movemento ou de repouso dun corpo coma na produción de deformacións. - Aplicación das leis de Newton: observación de situacións cotiáns ou de laboratorio que permiten entender como se comportan os sistemas materiais ante a acción das forzas e predicir os efectos destas en situacións cotiáns e de seguridade viaria.

UD	Título da UD	Duración
7	Las fuerzas de la naturaleza	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados con movementos, así como coas forzas e os seus efectos, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Aplica os coñecementos científicos aprendidos para intentar explicar distintos fenómenos físico-químicos sobre forzas na natureza.	PE	80
CA4.2 - Resolver problemas sobre movementos e sobre forzas e os seus efectos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas físico-químicos de forzas da natureza utilizando as leis e teorías aprendidas.		
CA4.3 - Recoñecer e describir na contorna inmediata situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Describe problemas de forzas da natureza onde a ciencia pode contribuír a buscar unha solución.		
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con movementos, así como as forzas e os seus efectos, a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia para intentar dar resposta a diferentes fenómenos relacionados coas forzas da natureza mediante a indagación, a dedución ou a experimentación.		
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso físico-químico relativa a movementos e a forzas e os seus efectos, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para comunicar a información obtida sobre un proceso físico-químico concreto sobre forzas na natureza.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fenómenos gravitatorios, eléctricos e magnéticos: experimentos sinxelos que evidencian a relación coas forzas da natureza.

UD	Título da UD	Duración
8	La energía	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Aplica os coñecementos científicos aprendidos para intentar explicar distintos fenómenos físico-químicos relacionados coa enerxía.	PE	80
CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa enerxía utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas físico-químicos relacionados coa enerxía utilizando as leis e teorías aprendidas.		
CA3.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa enerxía e as súas manifestacións a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia para intentar dar resposta a diferentes fenómenos relacionados coa enerxía mediante a indagación, a deducción ou a experimentación.		
CA3.5 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	Detectar algunha necesidade da sociedade relacionada coa enerxía.		
CA3.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á enerxía e ás súas transferencias nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para comunicar a información obtida sobre un proceso físico-químico concreto relacionado coa enerxía.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A enerxía: formulación de cuestións e hipóteses sobre a enerxía, propiedades e manifestacións que a describan como a causa de todos os procesos de cambio. - Deseño e comprobación experimental de hipóteses relacionadas co uso doméstico e industrial da enerxía nas súas distintas formas e as transformacións entre elas. - Elaboración fundamentada de hipóteses sobre o medio ambiente e a sostibilidade a partir das diferenzas entre fontes de enerxía renovables e non renovables.

UD	Título da UD	Duración
9	Temperatura y calor	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Aplica os coñecementos científicos aprendidos para intentar explicar distintos fenómenos físico-químicos relacionados coa enerxía.	PE	80
CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa enerxía utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas físico-químicos relacionados coa enerxía utilizando as leis e teorías aprendidas.		
CA3.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa enerxía e as súas manifestacións a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia para intentar dar resposta a diferentes fenómenos relacionados coa enerxía mediante a indagación, a deducción ou a experimentación.		
CA3.5 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	Detectar algunha necesidade da sociedade relacionada coa enerxía.		
CA3.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á enerxía e ás súas transferencias nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para comunicar a información obtida sobre un proceso físico-químico concreto relacionado coa enerxía.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Efectos da calor sobre a materia: análise dos efectos e aplicación en situacións cotiáns.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica na educación secundaria obrigatoria debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender de forma autónoma, para o traballo en equipo e para aplicar métodos de investigación sen olvidar a relación dos aspectos teóricos destas materias coas aplicacións prácticas.

Por outra banda, dado que este é o primeiro curso no que se imparte a materia de Física e Química debemos traballar con rigor científico e tratar de desenvolver as distintas capacidades intelectuais (analíticas, explicativas e interpretativas).

Estratexias didácticas:

- Estratexias expositivas por parte do profesor ou utilizando directamente os apuntes.
- Resolución de problemas e cuestións teóricas polos alumnos na clase e nas súas casas. As dúbidas que presenten serán resoltas ó día seguinte na clase, deste xeito fomentarase o aprendizaxe autónomo. Realizaremos actividades variadas, con diferente grao de complexidade, establecendo unha secuencia axeitada, de tal maneira que se recollan actividades de introducción, de estruturación de conceptos, de síntese e de aplicación. As actividades referentes a contidos evitarán o aprendizaxe memorístico, intentando que sexa autónomo, analítico e reflexivo.
- Realización de prácticas de laboratorio e podendo chegar a utilizar laboratorios virtuais.

- Pode realizarse algún traballo de investigación ó longo do curso.
- Uso autónomo da aula virtual propia do curso, onde os alumnos accederán a todo o material utilizado na aula (Temas, boletines de aula y boletines de repaso con solución), vídeos de interese e animación propostas para afianzar contidos. Disporán de material de reforzo, problemas resoltos e temario. Ademáis, a aula virtual será unha canle de comunicación co profesor.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual
Pizarra
Laboratorio de física e química

A aula virtual será o recurso máis utilizado polos alumnos, sendo un espazo onde poderán atopar diversos recursos dixitais. Poderán acceder aos temas do curso, os boletíns, e diversos materiais que se poden subir ó longo do curso, como poder ser exercicios de repaso, exercicios resoltos ou vídeos explicativos entre outros.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Faremos unha única avaliación inicial ó comezo do curso. Como esta é a primeira vez na que os alumnos imparten a materia de Física e Química esta avaliación inicial fará referencia aos coñecementos fundamentais que os alumnos deberían haber obtido anteriormente para poder desenvolver un bo criterio científico.

- Compresión lectora de un texto científico.
- Suma, resta, multiplicación e división de números enteiros e de fraccións.
- Cálculo de porcentaxes.
- Cambios simples de unidades.
- Desenvolvemento de ecuacións simples de primeiro grado.
- Representación de gráficos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	10	10	10	10	10	10	10	10	100
Proba escrita	60	95	90	90	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	40	5	10	10	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

Para determinar a cualificación obtida nunha avaliación terase en conta o porcentaxe de cada criterio de avaliación avaliado. Por exemplo, se no remate da primeira avaliación se tiveron en conta dous criterios de avaliación, dos que un representa o 5%, dous o 4%, dous o 3% e o resto representan un 2%, se levaría avaliado un 29% da materia. A cualificación obtida sería unha media ponderada de todos os criterios de avaliación sen ter en conta o instrumento

utilizado, únicamente o acadamento dos criterios de avaliación. O factor de ponderación nos criterios que contan un 5% sería 5/29, nos que contan un 4% sería 4/29, nos que contan un 3% sería 3/29 e nos que contan un 2% sería 2/29. Os criterios de avaliación que se avalíen dous ou máis veces nun mesmo trimestre, asignaráselle a media ponderada de todas as avaliacións.

Como participación no importante desarrollo das capacidades lingüísticas dos alumnos, teranse en conta as faltas de ortografía que realicen nas probas escritas.

Considérase que a materia foi superada cando ao rematar o curso a calificación correspondente a media ponderada dos CA sexa igual ou superior a 5,0.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación seguiranse os seguintes criterios:

- Os decimais serán redondeados ao enteiro inferior.

No caso de decimais na nota final de curso.

- Os decimais menores a 5 serán redondeados ao enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6)

- Os decimais iguais ou maiores de 5 serán redondeados ao enteiro superior. (exemplo: 6,5 correspóndelle un 7)

Como proceder general se non se realiza un exame ou non se entrega un traballo por non asistir a clase ese día, o alumnado que falte por un motivo xustificadado poderá repetir o examen ou a tarefa nun prazo máximo de 3 días de clase comenzando a contar desde a súa volta ás aulas. A non realización dunha actividade non será motivo en si mesmo para suspender a avaliación, simplemente terase en conta este aspecto na cualificación dos criterios de avaliación das probas ou tarefas non realizadas.

Non se vai a dar un peso concreto á asistencia ou comportamento, nin se outorgará de forma xeral un porcentaxe ao comportamento. Valorarase 100% o resultado do aprendizaxe curricular.

Criterios de recuperación:

A recuperación das avaliacións realizarase no periodo final da 3ª avaliación, na que, os alumnos poderán realizar unha recuperación en función das avaliacións que teña suspensas. Os alumnos que únicamente teñan unha avaliación suspensa realizarán unha proba cos criterios de avaliación de esa avaliación, os que teñan dous avaliacións suspensas realizarán unha proba cos criterios de avaliación correspondentes a esas dúas avaliacións. Mentras que, os que teñan todas as avaliacións suspensas terán que realizar unha recuperación cos criterios de avaliación desenvolvidos entre todas as avaliacións necesarios para aprobar o curso.

Non se poderán presentar a esta proba os alumnos que queiran mellorar a súa calificación nos distintos criterios de avaliación, xa que, considérase, nun curso tan práctico e participativo coma esta, que é máis fidedigna a calificación obtido no desenvolvemento do curso que nesta recuperación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A recuperación da materia de Física e Química de 2º de ESO realizarase mediante un plan de reforzo. Para recuperar a materia pendente o alumnado ten que acadar os obxectivos da materia e adquirir as competencias correspondentes. Con este propósito garantiranse as seguintes accións.

1.- Todo o alumnado que teña pendente a Física e Química de 2º de ESO estará matriculado nun curso específico na aula virtual.

2.- O alumnado recibirá unha serie de tarefas, actividades e exercicios propostos polo profesorado responsable da materia, baixo a dirección do departamento, que estarán a disposición do alumnado na aula virtual.

3.- O seguimento do progreso ao longo do curso farase de forma presencial e a través da aula virtual.

4.- O alumnado será avaliado dos CA correspondentes á materia mediante tres probas escritas, o que non impide que se poidan utilizar outros instrumentos de avaliación sempre que non interfiran coa marcha do curso no resto das materias e que se poidan ofertar a todo o alumnado coa Física e Química de 2º de ESO suspensa.

Os criterios de cualificación da materia sen superar e o procedemento de construción da nota de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final son os mesmos que se aplican no curso ordinario. A calificación asígnaselle ao criterio de avaliación e non depende do instrumento utilizado, senón do grado de adquisición dos CA. A calificación será a media ponderada das asignadas a cada CA.

Considérase que a materia pendente foi superada cando ao rematar o curso a calificación correspondente á media ponderada dos CA sexa igual ou superior a 5,0.

No periodo comprendido entre a data da sesión da avaliación do terceiro trimestre e o remate do curso garantiráselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os CA non superados.

6. Medidas de atención á diversidade

Tendo en conta a singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno, incluíndo a singularidade de cada familia, na aula existe unha gran diversidade. Debido a esta variedade de situacións teremos en conta as seguintes medidas ordinarias:

- Unha avaliación inicial coa finalidade de coñecer con maior profundidade os estilos e ritmos de aprendizaxe dos nosos alumnos.
- Ter en conta actividades que respondan os distintos estilos de aprendizaxe, como pode ser visual, con vídeos explicativos, esquemas e debuxos, auditivo, con explicacións ou debates entre os alumnos, coma manipulativo, mediante experiencias de laboratorio.
- Relizaremos actividades de reforzo, para aqueles alumnos que teñan máis dificultades na materia, co obxectivo de afianzar os aspectos máis básicos e traballas os contidos necesarios para superar a materia.
- Realizaremos actividades de ampliación, para aqueles alumnos que mostren un maior rendemento na materia, prestando unha atención individualizada as diferentes potencialidades dos alumnos.
- Para aumentar o interese e motivación do alumnado se pretende traballar preto dun contexto de situacións reais e históricas.
- A reordenación dos sitios na aula, así como, os grupos dos traballos, terán en conta as dificultades de integración e socialización do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Compresión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Tecnoloxías da comunicación	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Coidado do medioambiente	X	X	X	X				X
ET.4 - Espírito crítico e emprendedor	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Seguridade vial					X			

	UD 9
ET.1 - Compresión lectora	X
ET.2 - Tecnoloxías da comunicación	X
ET.3 - Coidado do medioambiente	X
ET.4 - Espírito crítico e emprendedor	X
ET.5 - Seguridade vial	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Grupo de ciencias	Esta actividade é voluntaria para o alumnado e desenvolverase ó longo de todo o curso. Preténdese que o alumnado mellará a súa iniciativa e capacidade científica con diferentes proxectos.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación das actividades foi axeitada para o alumnado, tanto en número como en dificultad
As actividades planificadas resultaron motivadores para os alumnos
Existe coherencia entre o programado e a práctica docente
A distribución temporal foi axeitada
Metodoloxía empregada
As clases adecúanse ó grupo
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse de forma axeitada á diversidade do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Houbo coordinación entre os membros do departamento que imparten o mesmo nivel
Outros
Resultados académicos

Descrición:

No indicador de logro dos "resultados académicos" determinarase o porcentaxe de aprobados e suspensos, así coma, o porcentaxe de alumnos que teén unhas notas dende o 0 ata o 10. O resto dos indicadores de logro valoraranse cun grado de consecución dende o 1 ata o 5, sendo un 1 "moi mal" e o 5 "moi ben".

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Unha vez se desenvollean os indicadores de logro que se comentan no apartado anterior, realizarase unha proposta de mellora co obxectivo de aumentar o rendemento naqueles aspectos nos que os indicadores de logro indiquen un baixo grado de consecución.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	IES Ribeira do Louro	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	31
4.2. Materiais e recursos didácticos	33
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	34
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	36
6. Medidas de atención á diversidade	37
7.1. Concreción dos elementos transversais	38
7.2. Actividades complementarias	39
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	40
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	41
9. Outros apartados	42

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- Na variedade está o gusto: unidade centrada na comparación dos trazos das principais variedades dialectais do castelán. O obxectivo será promover a concienciación sobre a riqueza que supón a diversidade no ámbito das linguas e sobre a necesidade de combater todo tipo de prexuízos neste eido.
- Palabra e pedra solta non teñen volta: Esta unidade didáctica está centrada na palabra. Trataremos os procedementos de adquisición e formación de novas palabras, as relacións semánticas entre palabras, os seus valores denotativos e connotativos segundo o contexto, e os cambios nos significados, etc.
- Cuento de Navidad: esta unidade abordará o estudo das principais características formais e temáticas do xénero narrativo a partir da lectura e análise das semellanzas e diferenzas dunha escolma de contos procedentes da narrativa universal actual e extraídos da biblioteca escolar.
- Na casa do ferreiro, coitelo de pau: Esta unidade estará dedicada á expresión e á comprensión adecuada dos textos expositivos, xa que estes teñen unha presenza constante na actividade académica. Esta tipoloxía textual é esencial na transmisión do saber humano e, de feito, é o vehículo principal da información científica, técnica, humanística, etc. Este é o motivo de que se lle dedique unha unidade didáctica.
- Falando enténdese a xente: Como o ser humano é, por natureza, un ser social que se relaciona a través do intercambio de información, dedicaremos esta unidade aos textos dialogados (conversas, debates, entrevistas, chats...) e á súa adecuada produción e comprensión, tanto oral como escrita.
- O teatro é poesía que sae do libro para facerse humana: esta unidade didáctica dedicárase ao recoñecemento dos vínculos e retroalimentacións entre os diversos xéneros literarios e outras manifestacións artísticas afíns.
- A novos tempos, novos costumes: Nesta unidade, imos analizar a lingua nas situacións comunicativas reais máis habituais na actualidade, tendo en conta os factores contextuais que a condicionan.
- Poemas elásticos e cadáveres exquisitos: Esta unidade didáctica orientarase cara o estudo das características do xénero lírico, afondando na importancia dos seus recursos expresivos e na construción da linguaxe poética como medio para crear beleza artística e como canle de comunicación de mensaxes e sentimentos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	EMPEZAMOS	O texto e as súas características, diferenzas entre comunicación oral e escrita e entre comunicación verbal e non verbal. Diferenciar as distintas unidades lingüísticas. Aplicar as normas xerais de acentuación. Diferenciar campo semántico, campo léxico e familia léxica. O concepto de literatura e diferenciar os seus xéneros. O proceso da comunicación. Os elementos da comunicación. As variedades da lingua.	6	10	X		
2	NA ESCOLA.	Estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. A denotación e connotación. Os xéneros	8	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	NA ESCOLA.	periodísticos e os seus textos. Os distintos tipos de textos de opinión. As clases de palabras. Diferenciar as distintas unidades lingüísticas. Aplicación das normas xerais de acentuación no caso de diptongos, hiatos y triptongos. O concepto de poesía e diferenciar os seus xéneros.	8	10	X		
3	LEER ES VIVIR DOS VECES	As ideas principais dun texto e recoñecer as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas. Os xéneros xornalísticos e os seus textos. Utilizar de xeito autónomo diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos en discursos escritos. Funcionamento de distintas bibliotecas. Os diferentes tipos de textos informativos. As distintas unidades lingüísticas. O concepto de literatura e diferenciar os seus xéneros .	7	10	X		
4	A AMIZADE É UN TESOURO	Os xéneros xornalísticos e os seus textos. O adxectivo e o sintagma adxectivo. O uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito. O concepto e a utilidade dos principais recursos retóricos.	10	10	X		
5	IMOS VIVIR EN PAZ	Os xéneros xornalísticos e os seus textos. As distintas unidades lingüísticas. O significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos. O concepto de literatura e diferenciar os seus xéneros. A diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega.	6	10		X	
6	SOMOS DE CORES	Os textos expositivos. Definir sintagmas adverbiais. Vocabulario en xeral e en particular o referido ao ámbito teatral. As regras ortográficas do c e cc. Un texto dramático.	14	10		X	
7	EU SON COMA TI.	As claves dun debate. A comunicación non verbal na expresión oral. As técnicas para falar en público, como reforzo á hora de debater. A estrutura do sintagma preposicional. Os modismos e refráns. As normas ortográficas relativas ao emprego do x. Os subxéneros dramáticos.	6	10		X	
8	A IMPORTANCIA DO ARTE	Os textos instrutivos. A conversación. Analizar sintácticamente unha oración. Os complementos do predicado: complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial, complemento	7	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A IMPORTANCIA DO ARTE	de réximen, complemento predicativo, complemento axente e atributo. Os eufemismos e as palabras tabú. Diferenciar eufemismos de disfemismos. As regras ortográficas relativas á ll e á y. As distintas manifestacións teatrais: o mimo e os títeres. A traxectoria profesional das grandes figuras do mimo ao longo da historia.	7	5		X	
9	AS PERSOAS POR DENTRO	Os textos narrativos. Os textos publicitarios e o slogan. Os tipos de oracións segundo a actitude do falante: enunciativas, desiderativas, exclamativas, interrogativas, dubitativas, exhortativas e de probabilidade. Os distintos xéneros narrativos: o conto e a súa tipoloxía. A figura do contacontos. As técnicas da narración oral. Os usos dos signos de interrogación. A técnica da abreviación: abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos.	11	10			X
10	NOSAS PALABRAS	As actas e instancias. Os complementos do predicado: complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial, complemento de réximen, complemento predicativo, complemento axente e atributo. Os distintos tipos de oracións segundo a natureza do predicado. As oracións activas e pasivas, e os mecanismos para converter unhas noutras. As orixes dos faladoiros, os seus tipos e regras. O uso dos signos de puntuación, en concreto, a coma.	5	10			X
11	NAVEGAR CON SEGURIDADE	O artigo periodístico sobre o ciberacoso, extraendo a información fundamental. Os correos electrónicos e a mensaxaría instantánea. O léxico tecnolóxico e de Internet. Os verbos auxiliares. As perífrasis verbales. As orixes da asemblea, tipos e regras para levala adiante. Os caligramas, coñecer as súas orixes e características. O uso dos signos de puntuación: o punto e o punto e coma.	11	5			X
12	DEFENDER LO NUESTRO	O esquema e o mapa conceptual. A realidade lingüística de España. A diversidade lingüística de Galicia. As peculiaridades do español en Galicia. Os neoloxismos. O uso dos signos de puntuación: o guión e as parénteses. As técnicas do cómic. As claves do simposio.	9	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	EMPEZAMOS	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Emprega precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical	PE	30
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Localiza, selecciona e contrasta información de maneira guiada.	TI	70
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Mostra precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Revisa os textos propios de maneira guiada e fai propostas de mellora		
- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
10	NOSAS PALABRAS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elixir e ler textos	PE	55
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender e interpretar o sentido global,	TI	45
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses). - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
11	NAVEGAR CON SEGURIDADE	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación	PE	20
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante	TI	80
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos		
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valorar a forma e o contido de textos sinxelos		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	contrastar información		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Revisar os textos propios		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
12	DEFENDER LO NUESTRO	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	PE	30
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos	TI	70
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelabora e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	- Organizar a información		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Revisar os textos propios		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	- Revisar os textos propio		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación ás linguas de signos. - Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.

Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais

son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará de dúas partes: comentario de texto e cuestionario tipo test. O comentario de texto avalía especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita, e o test recolle os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 1º de ESO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	8	7	10	6	14	6	7	11	5
Proba escrita	30	20	40	10	25	25	40	20	20	55
Táboa de indicadores	70	80	60	90	75	75	60	80	80	45

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	9	100
Proba escrita	20	30	26
Táboa de indicadores	80	70	74

Criterios de cualificación:

Os criterios de calificación, acordados polo departamento, daranse a coñecer ao principio de curso a todo o alumnado, para que teñan claro que deben conseguir para superar a materia. En cada avaliación teránse en conta:

- Probas de avaliación (probas escritas ou exames), onde se recollerán os coñecementos gramaticais, de comunicación, técnicas de traballo, de literatura, etc. Tamén servirá para valorar a expresión escrita.
- Probas de lectura obligatoria ou voluntaria (probas escritas, traballos, diario de lectura, exposición oral...): servirá para medir a expresión escrita ou oral, o grao de comprensión lectora, vocabulario adquirido...
- Proba de expresión oral, que se avaliará mediante rúbricas.
- Composicións escritas (comentarios de textos guiados, composición literaria partindo dun

modelo dado, comentarios de texto, traballos monográficos sobre un tema determinado, composicións creativas...).

- Traballo diario a través do caderno de clase, que servirá de axuste e redondeo final. A calificación final de cada avaliación responderá á seguinte ponderación:

Probas de avaliación (70% de la nota): Realizaráanse polo menos dúas por trimestre. Os exames poderán conter cuestións sobre contenidos de tipo comunicativo (expresión, comprensión, etc.), literario (incluídas las obras de lectura obrigatoria) e/ou gramatical, de forma combinada ou específica. Os contidos de educación literaria, unha vez sexan adquiridos e aprobados polo alumnado, eliminaranse das seguintes probas; o resto de contidos serán obxecto de avaliación en tódolos exames. Se hallará a media das nota dos exames realizados. No obstante, si existen diferencias significativas na extensión ou grado de dificultade dos contidos abordados nos exames, o profesor poderá ponderar ditas probas para darles un maior ou menor peso dentro dese 70%.

Expresión oral (10% da nota): Evaluaráse a través de rúbricas e obteráse principalmente da exposición oral sobre un tema determinado.

Proba de lectura obrigatoria (10% da nota): Axustaráse ós procedementos, instrumentos e criterios de avaliación explicitados anteriormente. as lecturas serán: poner las de cada curso

Composicións escritas (10% da nota). Neste apartado valoraráse: o comentario de textos literario, a composición de textos, os traballos escritos de tipo académico, tarefas de creación literaria ou calquera composición en formato dixital.

Dada a importancia da presentación, expresión, redacción y ortografía, na realización das pruebas escritas, independentemente dos contidos que se avalíen, valoraráse tamén:

- Corrección formal: Descontaráse ata 0,25 puntos por falta de orde e limpeza na presentación dos escritos.

- Corrección ortográfica: polo uso incorrecto non repetido de grafías descontaráse 0,10 puntos; e por cada dous erros no uso incorrecto de tiles (faltan ou sobran) ou signos de puntuación (faltan ou sobran) se descontaránse 0,10.

- Corrección e adecuación léxica e sintáctica: descontaránse 0,10 puntos por cada uso incorrecto do léxico e a terminoloxía que exige o uso especializado da Lingua e a Literatura, polo uso de coloquialismos, imprecións ou expresións clixé, polo uso repetido ou inapropiado de conectores discursivos, polo uso de anacolutos e ambigüedades sintácticas.

Poderáse descontar ata 1,5 puntos da nota global obtenida en cada proba.

Podráse subir a nota final ata 0.5 puntos (sempre que se alcance como mínimo un 4.5 sen redondeos) mediante a realización dunha proba escrita, exposición oral ou booktrailer sobre unha das lecturas optativas propostas.

NOTA: nas avaliacións, e na nota final, redondearáse hacia arriba, a partir do 0.5, e sempre que teña realizadas todas as encomendas que se irán proponiendo ó longo do trimestre. De non ter entregado ningún traballo ao longo da avaliación se pondrá a nota da media que obteña ol alumno aínda que supere o decimal do 0,5. (Exemplo: Se un alumno obtén de media un 4,85 e non entregou ningún traballo en toda a avaliación non se fará ningún redondeo e obtendrá un 4 de nota na materia).

COPIAR NOS EXAMES: O alumnado que sexa sorprendido copiando durante a realización dun exame suspenderá automaticamente ese exercicio coa cualificación de 0. Terá dereito a realizar os demais exames ou probas da avaliación. Durante la realización do exame ou proeba escrita está prohibido ter ningún tipo de soporte non solicitado previamente polo profesorado (chuletas, folios, libros, teléfonos móbiles, mp3-4, grabadoras, etc.) co que se poida copiar, gravar ou transmitir os contidos da materia. A evidente posesión de calquera destes sistemas de copia (o cualquier outro) significará el suspenso do exercicio coa calificación de 0 puntos. Traballos

copiados: o alumnado que entregue un traballo copiado (doutro compañeiro o compañeira, de internet...) será penalizado coa calificación de 0 nesa actividade.

Criterios de recuperación:

Con carácter xeral, se realizarán os exames de recuperación o trimestre anterior, no seguinte. A nota dos exames substituirá ao porcentaxe adjudicado ás probas de avaliación (un 60%).

- Alumnado que supere os tres trimestres: Superarán a materia si a media das notas dos tres trimestres alcanza o 5. Esta nota poderá subir ata UN

PUNTO según se recle na programación didáctica da materia na calificación final.

- Alumnado con trimestres suspensos: Superarán a materia si a media das notas dos tres trimestres alcanza o 5 e han realizado as probas de recuperación correspondientes aos trimestres suspensos. A efectos do cálculo da nota final do curso, a nota do exame ponderado (70%), máis o traballo realizado polo alumno ao longo do trimestre ponderado nun 30%, substituirá á do trimestre suspenso. O profesor poderá eximir aos alumnos deste exame e considerar aprobada a materia no caso de que os contidos do trimestre suspenso fosen recurrentes nos trimestres aprobados polo alumno, o que indicaría que foron adquiridos adecuadamente.

Solo cuando o alumno obteña, tras tódalas ponderacións necesarias, unha nota igual ou superior a 5 se considerará aprobado.

O profesorado tendrá a opción de facer todaslas probas e medidas que estime oportunas de atención individualizada e sempre para favorecer ao alumnado.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente.

A materia queda recuperada en calquera dos dous seguintes supostos:

1º: Se logra superar as dúas primeiras avaliacións do curso actual ou, no seu defecto, consegue en ambas unha nota media dos exames igual ou superior a 4 e entrega o boletín de exercicios de reforzo e recuperación dos contidos non adquiridos no prazo establecido. neste caso, superará a materia pendiente sen ter que facer ningún exame específico. A cualificación da materia pendente será a mellor destas dúas notas: un 5 ou a mesma cualificación obtida en xuño na materia do curso actual.

2º: Se a progresión do alumno no curso actual non é positiva (non chega polo menos ó 4 de media nos exames nos dous primeiros trimestres e NON entrega o boletín de exercicios dentro do prazo establecido), deberá realizar, na data oficial establecida polo centro, un exame dos contidos da materia pendiente. No caso de ter entregado o boletín de exercicios, a nota dese exame contará como un 70% da nota final da materia pendiente; no caso de non telo entregado, a nota do exame constituirá o 100% da súa nota final.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírse a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e

históricos.

- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X							
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable			X					
ET.3 - Educación cívica e en valores					X			
ET.4 - Formación estética							X	
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes								
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais								
ET.7 - Liberdade de expresión								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos				
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable				
ET.3 - Educación cívica e en valores				
ET.4 - Formación estética				
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes	X			
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais			X	
ET.7 - Liberdade de expresión				X

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Organización dun club de lectura	Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.	X	X	X
Visita de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.		X	
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.		X	X
Gravación de podcast con textos literarios	Alumnado do centro de distintas nacionalidades poden gravar textos literarios (narrativos ou mellor poéticos) cada quen na súa lingua. O carácter inclusivo desta actividade e a motivación que pode espertar no alumnado fai que sexa unha actividade ideal para traballar o aprecio polas diferenzas, a educación cívica e a cooperación entre iguais.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos.	Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os/as estudantes.	X		
Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia	Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector ou lectora, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional.		X	
Os resultados da avaliación inicial servirán para poñer en marcha as primeiras medidas de apoio naqueles casos que sexa necesario, de xeito global ou facendo fincapé nalgúns dos bloques de xeito específico. Medidas que se adoptarán despois da análise dos resultados:

-A nivel grupal para mellorar os procesos nos que se atoparon carencias: definición e descrición de medidas (traballar a comprensión de textos orais, fluidez na lectura)

-A nivel individual, levaranse a cabo plans de recuperación individuais para aquel alumnado que o requira segundo a análise dos resultados.

O alumnado que o precise recibirá as medidas de reforzamento especificadas no parágrafo referido ás medidas de atención á diversidade

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	15	25	25	100
Proba escrita	70	58	69	72	72	72	70
Táboa de indicadores	30	42	31	28	28	28	30

Criterios de cualificación:

A superación das avaliacións requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A nota de cada avaliación resultará da suma das probas específicas e das producións de traballo do alumnado segundo as porcentaxes establecidas para cada curso:

Bloque 1: Comunicación (produción de textos orais: 10%; produción de textos escritos: 20%; comprensión de textos orais: 15%; comprensión de textos escritos: 15%). O 60% correspóndese coas destrezas ou skills.

Bloque 2: Plurilingüismo e reflexión da aprendizaxe: O 30% correspóndese coa linguaxe funcional ou functional language.

Bloque 3: Interculturalidade: O 10% correspóndese co portfolio (colección da evidencia do traballo do alumnado: proxectos, encomendas, tarefas, redaccións, pescudas, etc.).

A 1.ª Avaliación terá un peso do 20% da nota final do curso, a 2.ª Avaliación un 30% e a 3.ª Avaliación terá un peso do 50%. Ao tratarse de avaliación continua e polo carácter progresivo da aprendizaxe das linguas, cada unha das probas poderá incluír materia traballada nas anteriores avaliacións.

O plaxio e/ou emprego de métodos deshonestos nas probas obxectivas (uso do libro, apuntamentos ou calquera dispositivo móbil) implicará a retirada de dita proba que terá unha cualificación de 0 puntos e que non poderá ser repetida.

Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento se valore con criterios de plena obxectividade, dende o departamento seguiranse aquelas medidas establecidas pola Inspección educativa e o centro para facer públicos os criterios de avaliación, os contidos, obxectivos e as estratexias e os instrumentos de avaliación e os criterios de promoción. A programación poderá consultarse nos espazos físicos e/ou en liña dispostos polo centro e o departamento.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa poderá ser recuperada nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas. Ademais, o alumnado que presente dificultades recibirá un boletín con exercicios de repaso e consolidación ao finalizar cada unha das avaliacións que lles servirá para afianzar e/ou reforzar os contidos traballados.

Os alumnos e alumnas que non sexan quen de acadar unha cualificación mínima de 5 ao longo do curso realizarán actividades de recuperación, que ponderarán un 30%, e probas obxectivas, proxectos ou actividades sobre os

contidos mínimos estudados referidos aos criterios de avaliación (CA) e ás competencias fundamentais definidas na programación que suporán o restante 70%.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A profesora/profesor encargado de facer o seguimento do alumnado con inglés pendente será a persoa que lle imparta clase durante o curso académico. A comezos de curso informarase ao alumnado do plan de traballo e de todos aqueles aspectos que teñan que ver con el. Para o deseño deste plan teranse como referencia os mínimos esixibles do curso pendente. O alumnado entregará o traballo nas datas determinadas polo profesor/a. Este traballo terá carácter de reforzo e preparación da proba oficial de maio. Será *obligatorio presentarse á proba escrita oficial do mes de maio establecida pola Xefatura de Estudos e cuxo peso será dun 100% da cualificación para a recuperación da materia pendente. (linguaxe funcional ou functional language 50%, comprensión escrita ou reading 20%, expresión escrita ou writing 30%).

*O alumnado que supere as dúas primeiras avaliacións no curso no que está matriculado terá aprobada a materia pendente do curso anterior e non precisará presentarse á proba oficial de maio

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade estará presente en toda a acción educativa e abordarse dende a lóxica da heteroxeneidade, desenvolvendo estratexias pedagóxicas adaptadas ás diferencias dende un enfoque inclusivo. O marco xeral é o Plan de Atención á Diversidade do centro.

MEDIDAS ORDINARIAS:

Organizativas:

-Adecuación da estrutura organizativa do centro: a) tempos b) espazos c) materiais e recursos didácticos diferenciados

-Desdobramentos

-Reforzo e/ou apoio dentro da aula

Curriculares:

-Adaptacións metodolóxicas

-Adaptación de tempos e/ou instrumentos de avaliación

-Programas de reforzo

-Programa específico para o alumnado repetidor

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Organizativas:

-Alumnado que recibe apoio de PT/AL

-Grupos de adquisición de linguas e/ou da competencia curricular (para alumnado estranxeiro)

-Escolarización domiciliaria, combinada.

Curriculares:

-Adaptacións curriculares

-Agrupamento flexible/específico

-Descrición do protocolo de coordinación do profesorado que intervéñen co alumno/a

A definición precisa das medidas de atención á diversidade dende o departamento de inglés buscan dar resposta a todo o alumnado, atendendo ás súas características e necesidades individuais. Adoptaránse todas aquelas medidas que sexan necesarias para atender a diversidade do alumnado. As orientacións metodolóxicas do departamento priorizan a atención á diversidade como eixo principal no que se asenta o proceso educativo.

-Alumnado con necesidades educativas especiais: Para responder á características do alumnado con diversidade funcional e/ou calquera outra condición ou dificultade de aprendizaxe e partindo da análise de necesidades específicas realizaranse as adaptacións metodolóxicas necesarias (organización dos contidos e tempos), así mesmo nos procedementos de avaliación e axudas técnicas que necesite o alumno para acceder ao currículo, dende o nivel de competencia do alumno garantindo a equidade educativa e a inclusión.

-Contémpanse ACIs para aqueles alumnos de 1ºESO e 2ºESO que tiñan unha adaptación curricular individualizada o curso pasado e novas ACIs para aqueles alumnos que cumpran os requisitos establecido.

-Consolidación para aquel alumnado que require un nivel máis avanzado de competencia lingüística: deseñaranse e/ou recomendaranse actividades de afondamento na lingua.

-Alumnado que se sitúe por debaixo dos mínimos esixibles, unha vez realizada a avaliación de diagnóstico e/ou as

avaliacións trimestrais recibirá propostas de reforzamento individualizadas que serán obxecto de posta en común por parte do profesorado do departamento. Para cada bloque de contidos da materia traballarase con actividades/tarefas deseñadas a partires dos mínimos esixibles do curso que non se superou.

-O plan lector poderá empregarse nos plans individualizados de reforzo e/ou afondamento.

A proposta didáctica do departamento atende á diversidade a través das diferentes situacións de aprendizaxe na aula, tendo como punto de partida as diferentes capacidades, características, intereses do alumnado e estilos de aprendizaxe. As medidas de atención á diversidade deseñadas polo departamento de inglés contarán co asesoramento do Departamento de Orientación do centro cando sexa necesario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Drama (Sesión de teatro en lingua inglesa)	Farase unha saída didáctica ao centro cultural para desfrutar dunha peza teatral baseada nunha obra mestra da literatura escrita en lingua inglesa ou en referentes culturais propios dos países anglófonos.			
Bilingual Storytelling (Contacontos bilingüe inglés>galego)	Organízase unha sesión de contacontos para fomentar a interculturalidade .			
Writing Workshop (Obradoiro de escrita)	Organízanse sesións para adquirir e desenvolver técnicas de expresión escrita			
CinEnglish & Comparative Literature (Cinema en lingua inglesa e literatura comparada)	Proxectaranse fragmentos de longametraxes ou episodios de adaptacións dos libros de lectura graduada.			
Halloween Decorating Contest (Concurso de Decoración de Samaín)	Desenvolverase un concurso de decoración co gallo do Halloween/Samaín			
Culture Days (Xornadas culturais)	Intercalaranse sesións con actividades centradas en aspectos relacionados coa cultura e festividades do mundo anglófono			
English Jukebox (Tocadiscos)	Realízanse sesións de repaso de contidos mediante o emprego de cancións			
World Book Day (Día Internacional do Libro)	Organízanse actividades nas que se enfatice a importancia a lectura nas nosas vidas			
St Patrick's Gymkhana (Xincana de San Patricio)	Organízase unha competición co gallo da conmemoración do patrón de Irlanda			

Observacións:

As actividades complementarias e extraescolares configuran un aspecto importante na educación integral do alumnado que reforzan os elementos transversais e a aprendizaxe competencial. O departamento de inglés participa naquelas actividades complementarias propostas dende o centro e a biblioteca e o club de lectura, tales como:

-Conmemoración do día en contra da violencia de xénero o día 25 de novembro.

-Conmemoración do día da paz, 30 de xaneiro.

-Conmemoración do día internacional da muller traballadora, 8 de marzo.

Ao longo do curso colaboraremos nas actividades propostas dende a biblioteca escolar, especialmente e de xeito máis intenso durante o 2º trimestre coa celebración do día Internacional do Libro, 23 de abril.

Así mesmo, o departamento desenvolverá actividades específicas para conmemorar as celebracións anglosaxonas máis sinaladas, como Halloween, Thanksgiving, Saint Patrick's Day, etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.

Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado responderán a un cuestionario con estes indicadores para avaliar a práctica docente e o proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre

Ás veces

Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións programadas os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	IES Ribeira do Louro	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer progresivamente un uso ético da linguaxe, que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe a seguir avanzando no desenvolvemento de todas as competencias abordadas en primeiro curso.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais dos obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben traballar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques: O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 2º de ESO, os catro bloques concréntanse en oito unidades didácticas denominadas con pequenas sentenzas que teñen que ver cos contidos traballados.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, e, de ser o caso dalgúns linguas de procedencia do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Así somos	-Identificación dos erros lingüísticos máis frecuentes do alumnado, a partir da avaliación inicial realizada nas primeiras sesións. Aspectos ortográficos e gramaticais básicos. -O texto narrativo. Lectura, comprensión e creación. Identificación de figuras literarias. -Elaboración dun diario persoal. -Aprendizaxe de vocabulario básico: definicións de substantivos, adxectivos e verbos. -Lectura de textos teatrais na aula, que se manterá ao longo de todo o curso (Xente estúpida, de Daniela Fejerman; O bosque animado, de Wenceslao Fernández Flórez; Monsieur Verdoux, de Charles Chaplin; Cociña kakofónica, de Mofa e Befá; Servizo de información, de Paula Carballeira; Un cruceiro de pracer, de Alfred Hitchcock; Idiota, de Jordi Casanovas; O furancho, de Santiago Cortegoso...)	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Así somos		10	12	X		
2	Marcando o camiño	<ul style="list-style-type: none"> -Aspectos esenciais sobre como escribir correctamente un texto expositivo. Da opinión á monografía. -Actividades para mellorar a redacción dun texto: a choiva de ideas, o guión, o modelo de páxina e os procedementos para apoiar as ideas. -As conxuncións. -Os conectores textuais. -Revisión das regras de acentuación. -Revisión de signos de puntuación. -Introdución ao uso do infinitivo conxugado, un xeito enxebre de variar o estilo á hora de redactar. -Revisión da conxugación verbal irregular. A pasiva. A correlación temporal. 	10	12	X		
3	Mirar o pasado para entender o presente	<ul style="list-style-type: none"> -Breve historia da lingua galega I: por que o galego é a lingua propia de Galicia e dende cando a falamos? O mapa das linguas romances en Europa. -Lingua oral. Actividades para mellorar a dicción. Articulación das consoantes e vogais do galego. Lectura dramatizada e locución: foco informativo, velocidade, intensidade, ton, pausas e silencios. -Recitado de poemas e lectura comprensiva. -Locutar microrrelatos e anuncios publicitarios. Elaboración de podcast para a radio escolar. 	15	14	X		
4	Coñecer para poder amar	<ul style="list-style-type: none"> -As linguas da Península Ibérica. -O galego e o portugués: semellanzas e diferenzas nos sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos). Coñecemento de léxico habitual na lingua portuguesa e aspectos socioculturais dos países lusófonos. -Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá. -Elaboración dun pequeno traballo sobre a poesía contemporánea escrita en galego, portugués, catalán e éuscaro. -Textos poéticos para conmemorar o Día Escolar da Non Violencia e a Paz. 	10	12		X	
5	Somos o que lemos	-Análise dos textos que se difunden a través das redes sociais e dos medios de	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Somos o que lemos	<p>comunicación. Os diarios dixitais en lingua galega. Lectura e valoración de entrevistas a persoas sobre diversos temas que poidan suscitar debate e opinións diferentes. Facer uso da escoita activa e das estratexias de cooperación conversacional, cortesía lingüística e normas de etiqueta dixital.</p> <p>-Gravación dun booktuber ou un podcast no que o alumnado dará a súa opinión sobre o libro de lectura obrigatoria.</p>	10	12		X	
6	Creando universos de noso	<p>-Obradoiro de poesía creativa (método Kenneth Koch). A poesía sen rima.</p> <p>-O texto descritivo. Exporanse os trazos máis salientables desta tipoloxía textual e redactaranse descricións (persoas, animais, obxectos, paisaxes) nas que se identifiquen as características propias deste xénero</p> <p>-Breve historia da lingua galega II: dende a Idade Media ata a actualidade.</p> <p>-Traballo sobre o cómic en galego (inicios do xénero en Galicia, autoras/es máis salientables, temáticas etc.). Posible elaboración en grupo dun cómic en formato electrónico.</p> <p>-Os adverbios e as preposicións.</p> <p>-Graos do adxectivo.</p> <p>-As interxeccións.</p>	15	13		X	
7	Aquí falamos así	<p>-As variedades lingüísticas dialectais. Estudo dos principais trazos fonéticos e morfolóxicos do bloque e área lingüística da contorna do centro. Incidirase na riqueza dialectal do galego e no rexeitamento de prexuízos lingüísticos.</p> <p>-As outras variedades lingüísticas (históricas, socioculturais, situacionais). O galego estándar.</p> <p>-Revisión de estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. O diálogo. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</p> <p>-O texto teatral. Os subxéneros dramáticos (comedia, traxedia e drama).</p> <p>-As relacións semánticas: sinonimia, antonimia, polisemia... Valores denotativos e connotativos.</p> <p>-Aspectos morfolóxicos básicos. Procedementos de formación de palabras. Identificación dalgunhas funcións sintácticas.. Identificación das clases de palabras</p>	15	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Ser diferente é ser existente	-Nesta unidade concretaranse algúns prexuízos que lle afectan ao galego, en particular os relativos á utilidade da lingua galega fóra de Galicia. Ademais de abordar as causas que subxacen nesta consideración, cumprirá incidir nos argumentos para contrarrestalos. -O texto argumentativo e o debate. Outros tipos de texto: instancia, reclamación... -Estudo e exemplificación, en textos dados, das propiedades textuais: axeitamento, coherencia, cohesión. -Edición dun boletín informativo que incluírá noticias, entrevistas, crónicas...	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Así somos	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p. ex. web do centro) e explica a interacción entre os diferentes códigos.	PE	100
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado escribe as súas experiencias nun diario durante dez días, no que poderá incluír os acontecementos máis relevantes que lle vaian acontecendo, así como opinións, sensacións..., expresándose con corrección lingüística.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado leu unha obra literaria e é quen de contar o seu contido e opinar sobre el.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza algúns dos elementos constitutivos dunha composición literaria sinxela do libro de lectura obrigatoria do primeiro trimestre		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumno elixirá unha obra a partir dunha listaxe aberta ofrecida polo profesor, no que aparecerán diversos xéneros e temáticas.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado reconece algúns subxéneros poéticos sinxelos a partir da análise das relacións internas dos elementos constitutivos co sentido dunha obra (canción, sátira...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado distingue a categoría gramatical e o significado de parellas de palabras que se diferencian polo timbre aberto ou pechado da vogal tónica e sabe empregar correctamente o acento diacrítico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados ao circuío literario e lector. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
2	Marcando o camiño	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p.ex. un roteiro do seu concello) e explica a interacción entre os diferentes códigos.	PE	50
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado emprega correctamente os signos de puntuación.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante dun poema.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado coñece os distintos tipos de conxuncións e sábeos empregar evitando as repeticións.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado describe unha persoa coñecida (deportista, cantante, actor/actriz...). Alén das súas características físicas, tamén debe reflectir algún trazo do seu carácter e/ou da súa personalidade.	TI	50
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta un traballo de investigación ben organizado (manexo dun guión e emprego de técnicas para o apoio de ideas), utilizando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado reconece e valora algúns recursos expresivos e/ou figuras estilísticas presentes nun texto literario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
3	Mirar o pasado para entender o presente	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	A partir das explicacións do profesor e a consulta do Portal da Lingua Galega, o estudante elaborará un traballo sobre a historia da lingua galega, dende as súas orixes ata a actualidade.	PE	30
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza a exposición oral: "o meu metro cadrado de vida", a partir dunha fotografía con elementos significativos para el.	TI	70
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado locuta textos narrativos sinxelos, buscando a expresividade e a variación (foco, intensidade, velocidade, ton, pausas e silencios)		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado realiza procuras en manuais e dicionarios da Rede, atendendo a criterios de validez e fiabilidade. Tamén usa correctores ortográficos, procesadores de texto e programas de presentación para mellorar os seus traballos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	Coñecer para poder amar	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado reconece, en textos dados, as características formais e a estrutura de textos propios do ámbito académico.	PE	40
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, comprende o sentido global, selecciona a información máis relevante e valora a estrutura e os procedementos comunicativos empregados nun texto expositivo sobre o Día Escolar da Non Violencia e a Paz.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica as características da novela a partir da análise das relacións internas dos elementos constitutivos co sentido da obra narrativa de lectura obrigatoria do 2º trimestre. Tamén coñece algúns trazos básicos doutros subxéneros literarios narrativos (conto, fábula, lenda...) .		
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece as linguas da Península Ibérica e identifica algunhas das características do portugués, catalán e éuscaro.	TI	60
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identificación e rexeitamento dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos e guiado polo seu profesor ou profesora, participa activamente na preparación dunha entrevista.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O estudante sabe empregar o infinitivo conxugado, como maneira de variar o estilo á hora de escribir e de falar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.

Contidos

- Introducción á reflexión interlingüística.
- Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá.
- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións adecuadas, e levarase a cabo na primeira ou dúas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado por aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	10	15	10	10	10	10	100
Proba escrita	5	5	5	5	5	5	15	5	10	6
Táboa de indicadores	95	95	95	95	95	95	85	95	90	94

Criterios de cualificación:

-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN:

Unha vez especificados os criterios de avaliación, o/a alumno/a debe saber que terá que cumprir cunha serie de requisitos mínimos para poder ser avaliado:

- 1.- Puntualidade.
- 2.- Asistencia a clase con regularidade e xustificación das posibles faltas.
- 3.- Actitude positiva, respectando ao profesor e aos seus propios compañeiros.
- 4.- Adquisición do material utilizado en clase.
- 5.- Realización diaria dos exercicios teóricos e prácticos propostos.
- 6.- Evolución positiva ao longo do curso e non ter abandonado a materia.

Instrumentos de Avaliación:

- Probas escritas.
- Cadernos onde se gardan os exercicios, contidos teóricos, comentarios de audicións, partituras, fichas entregadas pola profesora.
- Práctica musical (ritmo, solfexo, interpretacións cos instrumentos da aula...)
- Intervencións persoais, esforzo, interese.
- Actitude respectuosa, participativa e colaboradora.
- Asistencia á clase con todo o material requirido.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 2º ESO:

- Entrega e cualificación de exercicios e traballos obrigatorios (actividades de percusión corporal, composición de cancións...) Presentación da libreta no caso de que o requira a profesora (15%)
 - Coñecementos de linguaxe, teoría e cultura musical, valorados no exame escrito (40%)
 - Exames prácticos (ritmo, solfexo, práctica instrumental e vocal) (35%)
 - Participación, atención no seguimento das clases e comportamento (10%)
- (Se nalgunha avaliación non hai traballo obrigatorio a porcentaxe quedará da seguinte forma: 10% de exercicios e 40% de exames prácticos)

A cualificación final dun alumno/a é susceptible de matizacións ou redondeos tendo en conta a súa traxectoria (ascendente ou descendente) de modo acorde sempre coa dirección cara a que se dirixe a súa progresión ou regresión.

É facultativo do profesor poñer unha nota colectiva nos apartados de práctica vocal e instrumental por terse valorado o proxecto no seu conxunto, o cal valerá tamén como indicativo do esforzo e actitude do alumnado como grupo.

A/o alumna/o non debe deixar sen puntuar ningún dos apartados cualificables. En todos os apartados ten que acadar os obxectivos mínimos e ao longo do curso deberá ter unha progresión e evolución positiva (especialmente na parte práctica da materia)

Valoración das probas escritas: cualificaranse segundo o baremo que o profesor determine para cada pregunta. De ser posible se comunicará o valor de cada apartado ao alumnado antes do comezo do exercicio.

Na cualificación atenderase a:

- A adecuación das respostas aos enunciados das preguntas
- A exposición das respostas de xeito ordenado e lexible.

Valoración da práctica vocal e instrumental

- Interpretación e lectura correcta de alturas e figuras musicais.
- Interpretación correcta do compás rítmico e mantemento do pulso regular.
- Técnica básica de xeito correcto, relaxado e amosando interese.
- Capacidade expresivas e interpretativas.
- Atención e seguimento das indicacións da profesora no ensaio e práctica do instrumento .

Valoración dos traballos de produción propia:

- Adecuación dos contidos ao traballo encomendado.
- Exposición do tema de xeito ordenado e lóxico.
- Corrección caligráfica, ortográfica e sintáctica.
- Utilización de varias fontes de información e síntese realizada a partir delas.
- Orixinalidade e utilización de medios para facer a presentación máis atractiva.
- Facer constar unha conclusión ou parecer propio.
- Coordinación entre compañeiros cando se trate dun traballo en grupo, tanto no reparto das tarefas como na exposición do mesmo.

Valoración do caderno de traballo: o caderno entregarase sempre que sexa requirido pola profesora. Valorarase:

- A súa presentación e limpeza.
- A orde nas actividades tal e como foron realizadas na aula, divididas en unidades didácticas e coas fichas e partituras pegadas correctamente.
- O nivel de realización das actividades.

Cálculo da nota media:

O cálculo da nota media non é resultado únicamente dunha división exacta entre os distintos valores. En primeiro lugar, debe acadar os obxectivos mínimos de cada unidade didáctica para realizar o cálculo e, ademais, existe un factor de corrección ou redondeo á alza ou á baixa en virtude da traxectoria ascendente ou descendente das calificacións ao longo do ano académico que vai condicionar sobre todo a cualificación final do curso. O obxectivo é que o/a alumna regularice o seu esforzo ao longo do curso e sempre demostre unha dedicación e actitude cara a materia que non amose regresión nin perda de interese.

Valoración da actitude:

A actitude ten un apartado concreto na cualificación é ademais vai incluída en criterios avaliados como :

- Asistencia a clase.
- Puntualidade no horario.
- Aportación de material.
- Coidado e presentación na entrega de traballos/exames.
- Puntualidade na presentación na data dos traballos.
- Respecto á disciplina de ensaio cara a profesora e compañeiros/as.
- Participación en clase.
- Preocupación por entender ben os contidos impartidos.
- Gusto polo traballo ben feito.

Criterios de recuperación:

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 realizará actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados.

Estas actividades poderán ser de dous tipos:

1. Actividades novas deseñadas para tal fin.
2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

-Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos: o profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se algún alumno/a ten a materia de música de 2º ESO pendente deberá asistir nalgúns recreos á aula de música para resolver dúbidas e entregar os traballos e tarefas encomendadas pola profesora.

Realizará algunhas probas escritas sinxelas ao longo do curso relacionadas cos traballos previamente entregados.

Se non segue as indicacións da profesora e non realiza os traballos e os controis requeridos terá que facer un exame teórico final no mes de maio.

Para superar a parte práctica da materia terá que interpretar correctamente algunhas pezas musicais coa fruta e/ou cos instrumentos de láminas ou o ukelele.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

A diversidade do alumnado engloba dende aqueles alumnos/as que son estudantes de música no conservatorio, escolas e academias de música (que poden axudar aportando material, achegando os seus propios instrumentos, facendo melodías complexas e maiores dificultades rítmicas), alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, alumnos/as emigrantes, discapacitados e alumnos/as que chegan de distintos centros de procedencia con distinta preparación.

As características peculiares da área de Música permiten certa flexibilidade no proceso de ensino-aprendizaxe para aplicar os distintos niveis de comprensión. O tipo de traballo e actividades musicais para realizar tanto individualmente como en grupo, permiten a repartición por niveis, segundo as aptitudes e a gradación dos coñecementos de cada alumno e alumna. Realízase unha avaliación formativa, partindo da primeira avaliación ou do diagnóstico e da autoavaliación e coavaliación do discente, que axudará a construír as aprendizaxes de xeito individualizado pero motivando ao alumnado no seu traballo e sen que se sinta en ningún momento marxinado. A intención é ofrecer un material que sirva non para todos os alumnos e alumnas, senón para cada un deles.

Algunhas medidas que poden favorecer a adaptación son:

- Ofrecer un repertorio variado no que estean presentes distintos estilos de música.
- Ofrecer un espazo para a improvisación onde teñan cabida as intervencións de todos e cada un dos alumnos e alumnas.
- Expor actividades concibidas como reforzo ou ampliación. Nas actividades en grupo a cada alumno asignaráselle a parte da interpretación colectiva que estea máis en consonancia coas súas aptitudes e posibilidades.

Nos casos necesarios darase a posibilidade de facer traballos de ampliación. Tamén pode haber a titoría entre iguais, dando a posibilidade ó alumnado máis avanzado de axudar ós seus compañeiros e compañeiras. Deste xeito poden arraigar máis profundamente o seu propio coñecemento e para a persoa que recibe a titoría abrimos unha nova posibilidade de aprendizaxe.

A profesora ademais estará sempre dispoñible na aula nalgúns recreos ao longo da semana para posibles dúbidas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora		X	X	X		X	X	
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual								X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	
ET.2 - Creatividade	X
ET.3 - Autonomía	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente a través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase en actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traxallo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro de regueifas	Participación nun obradoiro de regueifas que terá lugar no centro. Traballarán a improvisación cunha melodía que lles facilitará a composición das regueifas.	X		
Concerto didáctico da Banda Municipal de Santiago.	Asistiremos no Teatro Principal de Santiago a un concerto didáctico da Banda Municipal. Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivr a experiencia de escoitar música en directo.		X	
Diversas actuación no instituto nalgunhas das datas conmemorativas: Samín, Nadal, día das Letras Galegas, fin de curso...	As pezas musicais traballadas ao longo do curso interpretaranse en público.	X	X	X
Participación no festival Musiqueando	Festival musical no que participan distintos centros de todo o país, con concertos escolares na rúa e actividades en rede.		X	
Visita ao centro de maiores e/ou ACEESCA	Teremos a oportunidade de visitar o centro de maiores do Porriño e/ou ACEESCA para interpretar algunhas das cancións e pezas musicais aprendidas durante o curso.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS
Metodoloxía empregada
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE
Clima de traballo na aula
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

- RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Análise dos resultados obtidos na avaliación final.
- TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS. Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.
- DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS: Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.
- MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE: Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias.
- INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN: Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente a información necesaria para reformalas. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario, ou dunha entrevista con cada alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: avaliar se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: avaliar se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación, a corrección da temporalización, e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son adecuados e precisos, se os

instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.

- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: se coñecen os obxectivos propostos, se o repertorio e actividades parécenlles adecuados, se coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.

Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores: ben ou acadado, mal ou non acadado, e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	IES Ribeira do Louro	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Características xerais do centro e do alumnado

O IES Ribeira do Louro de O Porriño é un centro de ámbito semi urbano na parroquia de Torneiros en O Porriño. O alumnado vive en zonas rurais, semi rurais ou urbanas, empregando o transporte escolar para acudir ao centro.

No curso escolar 2023/24 haberá tres grupos: 2º ESO A e 2º ESO C con 16 alumnas e alumnos, outro grupo formado polo alumnado de 2º ESO B con 12 alumnas e alumnoe o formado polo alumnado de 4º ESO D con 14 alumnas e alumnos.

Características da materia de Proxecto competencial

Os bloques repártense en 3 unidades didácticas:

Na metodoloxía utilizada porase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades. Tamén se potenciará o uso de metodoloxías de indagación e de deseño, traballando a partir de situacións problema que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.

Outros factores que inflúen na ensinanza da materia de Proxecto competencial 2º ESO

Participación en programas educativos:

- E-Dixgal dende o curso 2020/21. O alumnado de Física e Química de 2º ESO e o profesorado traballa nas aulas dixitais. Son aulas que dispoñen dun encerado dixital interactivo, dun proxector, dun equipo para o profesor, e dun equipo para cada alumno. Ademais as aulas contan con conexión wifi para que o alumnado e profesorado poda accesos aos contidos dixitais e seguir a actividade educativa na aula desde o seu equipo.

-Polos Creativos, dende o curso 2022/23. Organízanse para o alumnado de Física e Química de 2º ESO cara ao fomento da creatividade a través da superación de retos, a consecución de proxectos, a resolución de problemas e a realización de prototipos.

-Club de ciencia, dende o curso 2021/22. Estes clubs fundaméntanse nunha metodoloxía baseada na indagación e a aprendizaxe colaborativa, na que o alumnado de Física e Química de 2 da ESO voluntario adquire coñecemento mediante un método activo, propoñen as súas propias cuestións e resoven problemas.

-Programa para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros de especial complexidade educativa (Programa PROA+) e desenvolvemento do Plan estratéxico de mellora (PEM), curso 2023/24, a través de actividades panca. Influirá na materia de Física e Química no sentido de que uns dos obxectivos do Programa son a a redución do absentismo, aumentar a implicación das familias e reducir o numero de repetidores. Ademais é importante implicar ás familias na educación, especialmente as de etnia xitana e que as familias demandan charlas educativas do uso das redes sociais e o uso de pantallas dixitais. O Programa desenvolverase a través de actividades panca, por exemplo: Recreos inclusivos (EF), radio escolar, recreos activos (Biblioteca), Voluntariado da Biblioteca e o Equipo de Mediación, nas que poderán participar alumnado de Física e Química de 2º ESO.

Lingua de impartición

A materia impartirase en ámbalas dúas linguas, galego e castelán.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A arte da química	Nesta indagación guiada o alumnado utilizará un método de ensino interdisciplinar e por descubrimento. En primeiro lugar, os estudantes son informados sobre a produción e uso das cores na pintura e no tinguido de fibras téxtiles. A continuación prepararán pigmentos como resultado de reaccións químicas simples e observarán as propiedades destes pigmentos. Finalmente poderán usar estes pigmentos para crear tinturas á auga, proceder ao tinguido de fibras téxtiles e producir pequenas obras de arte.	25	11	X		
2	A química dos tecidos	Elaboración dun cubo coas diferentes propiedades e usos dos tecidos	35	13		X	
3	Os tecidos nas ciencias	Creación do círculo de Waldorf	40	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A arte da química	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Comprender a relación entre química e arte e máis especificamente con pintura e co tinguido de fibras téxtiles.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar reactivos para preparar no instituto cores que principalmente son sales de metais de transición. Normas de seguridade no laboratorio (bata, gafas). Material de vidro para preparar disolucións.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto a partir dun documento guía do profesor.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto. Completar as follas de traballo con pingas das substancias químicas que dan lugar a produtos coloridos.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Realizar as tarefas coa temporización axeitada.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos necesarios para a realización do proxecto. Utilizar pinceis e os pigmentos e tinturas sobre as táboas de traballo como paletas para facer pinturas simples baseadas en auga: flores, pequenas frases.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos axeitados: follas de traballo, reactivos químicos e follas de papel e pinceis para usar os seus pigmentos. Completar nas follas de traballo utilizando pingas de reactivos: dúas pingas de cada disolución de cada fila reaccionan con dúas pingas de cada disolución de cada columna.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver os problemas que se atopen no proceso de realización do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar e intepretar os resultados obtidos.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Proceder ao tinguido de fíos e teas como traballo persoal artístico. Realizar un panel informativo cos resultados do proxecto.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Xestionar a frustración ante o erro.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar resulsos dixitais ou materias para presentar os resultados: que os reactivos químicos podían converterse en produtos coloridos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	A química dos tecidos	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia dos tecidos.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para o proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Realizar un panel informativo cos resultados do proxecto.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Xestionar a frustración ante o erro.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar resulsos dixitais ou materias para presentar os resultados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Os tecidos nas ciencias	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia dos tecidos.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para o proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Realizar as tarefas coa temporización axeitada.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos necesarios para a realización do proxecto.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos axeitados.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver os problemas que se atopen no proceso de realización do proxecto.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar e interpretar os resultados obtidos.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Representación da obra e presentación dos títeres.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Os tecidos".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese pola lectura, a cultura e a arte e desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, en primeiro lugar, os estudantes son informados sobre a produción e uso das cores na pintura e no tinguido de fibras téxtiles. A continuación prepararán pigmentos como resultado de reaccións químicas

simples e observan as propiedades destes pigmentos. Poderán usar estes pigmentos para crear tinturas á auga. OS estudantes completarán nas súas follas de traballo con pingas das substancias químicas que dan lugar a produtos coloridos. O protocolo de traballo é os seguinte:

- Prestarase moita atención á manipulación de todas as sustancias e na preparación das disolucións. Daranse instrucións aos estudantes sobre evitar o contacto coas sustancias e disolucións. Forneceráselles de luvas e lentes de laboratorio.

- Os estudantes non prepararán as disolucións, todas serán preparadas polo profesor e presentadas en botellas de 100 mL con contagotas. Utilizarán pingas de cada reactivo sobre unha folla de papel e observarán o cambio de cor na mestura.

- Utilizarán pinceis e os pigmentos e tinturas sobre as súas táboas de traballo como paletas para facer pinturas simples baseadas en auga: flores, pequenas frases.

- Tamén procederán ao tinguido de fíos e teas como traballo persoal artístico.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, o alumnado dividirase en grupos de catro alumnos/as e cada un realizará unha búsqueda de información dun tipo de tecido. Tras o análise e a síntese desta información elaboraranse catro cartulinas nas que se recollan os aspectos fundamentais de cada tecido. Estas cartulinas formaran as caras dun cubo previamente elaborado polo alumnado que servirá de panel informativo na exposición de final de curso.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado fabricará un círculo de Waldorf en madeira e empregará os fíos tintados na primeira avaliación para realizar as táboas de multiplicar. Buscarán patróns xeométricos e realizarán a exposición dos resultados nun panel informativo incluído QR de vídeos explicativos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Artigos e produtos reutilizables (bolsas, recipientes, botes...).
Pegamentos, colas.
Sprays, pinturas.
Distintos téxtiles, fío de lá...

Como principio, buscamos materiais e recursos que esperten a motivación e impulsen o interese do alumnado pola aprendizaxe.

- Materiais impresos: artigos investigación, ensaios e libros.
- Material manipulativo: reactivos químicos e material de laboratorio de física e química, material funxible de pintura e arte e ferramentas e máquinas do Polo creativo do Instituto.
- Materiais tecnolóxicos: EVA Moodle e encerado dixital interactivo.
- Recursos dixitais: Vídeos educativos, aplicacións informáticas (libreoffice calc, geogebra, libreoffice word,...)

O material e os recursos descritos serán accesibles a todo o alumnado seguindo o modelo DUA. Respetaranse os dereitos de autoría e as licencias de uso e distribución. Terase en conta a normativa en materia de protección de datos persoais no ámbito educativo da Xunta de Galicia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase actividades para achegarnos á temática de traballo do curso académico 2023/24 nesta materia de Proxecto Competencial. A través de actividades variadas se terá unha idea inicial dos coñecementos de costura, estatística e de traballo no laboratorio do alumnado (instrumental de laboratorio, preparación de disolucións e normas de seguridade), así como unha idea xeral do seus coñecementos sobre os distintos tipos de tecidos máis comúns na nosa roupa actual. Ademáis, recadaremos información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas.

Recóllense a continuación as cuestións formuladas na avaliación inicial:

Cuestionario 1: Antes da Clase:

- Sabes se hai unha relación entre química e arte e máis especificamente con pintura e co tinguido de fibras téxtiles? Se a túa resposta é SI, por favor dar un exemplo da relación entre química e arte na área de pintura e o tinguido de fibras téxtiles.
- A contribución de química á arte é importante, especialmente á pintura e restauración de traballos de arte (pinturas ou monumentos de pedra). Podes nomear algúns materiais da industria química que son empregados en arte?.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Cráterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Levarase a cabo unha avaliación cualitativa a través dunha táboa de indicadores das producións "A Química da Arte" dos grupos de traballo:

- Utilización de pinceis e os pigmentos e tinturas sobre as súas táboas de traballo como paletas para facer pinturas simples baseadas en auga: flores, pequenas frases.
- Tinguido de fíos e teas como traballo persoal artístico.

De igual xeito, cada alumna e alumno entregará un informe de traballo persoal, que poderá facer en casa, e que será avaliado cunha táboa de indicadores:

- Que é un pigmento?
- Que fixemos na primeira avaliación no Proxecto Competencial?
- Como preparamos tinturas a partir de compostos químicos?.
- Cal foi o material fornecido polo profesor?. Como preparamos as disolucións?
- Podemos crear tinturas a partir de produtos naturais?
- Sabes se hai unha relación entre química e a arte especificamente con pintura e co tinguido de fibras téxtiles?.

Redacta un pequeno ensaio.

A nota da primeira avaliación calcularase de acordo á seguinte fórmula: $0,70 \times QDA + 0,30 \times INF$, sendo QDA a media das valoracións da táboa de indicadores de avaliación das producións artísticas A Química da Arte, incluíndo a cualificación do panel ou póster informativo final, e INF a media das valoracións da táboa de indicadores de avaliación dos informes de traballo persoal do trimestre.

Unha copia das táboas de indicadores serán postas a disposición da clase para que saiban en todo momento o que se vai a avaliar.

- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do cubo correctamente rematado.

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Entrega do círculo de Waldorf e dos paneis informativos/QR.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avalíaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Cráterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnado coa materia pendente de 1º ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

